



A Coruña/ O porto do Camiño de Santiago/ Guía para os peregrinos/



A Coruña/
O porto do Camiño de Santiago/
Guía para os peregrinos/

Textos: Manuel F. Rodríguez

índice/

6

A Coruña e
o Camiño Inglés/

12

a orixe/



26

na Coruña/



27

a chegada ao porto/



16

peregrinos por mar/



20

os portos de saída/



40

a estadía/



49

en camiño/



23

a travesía/



52

a espera/



A Coruña e o Camiño Inglés/



A Coruña é o porto histórico de recepción de peregrinos do Camiño de Santiago.

As fontes sobre o destino portuario das peregrinacións que escollían a vía marítima do Camiño para chegaren á súa meta, a cidade galega de Santiago de Compostela, mencionan case sen excepción A Coruña.

Os investigadores ratífanos. Os británicos Robert B. Tate e Thorlac Turville-Petre están entre eles: “A Coruña -escriben- era o gran punto de encontro para os peregrinos do norte de Europa que viñan por mar”.

Evidentemente, a maioría dos peregrinos a Santiago, tanto no pasado como no presente, segue vías terrestres. Mais a peregrinación marítima foi moi popular. Sobre todo dos séculos XIII ao XVI. Millares e millares de persoas procedentes das illas británicas e do norte da Europa desembarcaban na Coruña.

Continuaban viaxe polo ramal coruñés do Camiño Inglés, un trazado terrestre naquel tempo de apenas 70 km. É por iso un dos itinerarios históricos do Camiño de Santiago, que debe o seu nome ao feito de ser realizado por xentes chegadas sobre todo de Inglaterra.

Na cidade de Santiago, o destino era a súa catedral. Nela está enterrado, desde o século I, segundo unha antiga tradición, o Apóstolo Santiago O Maior. Visitar o seu sepulcro centraba o motivo da peregrinación, que, despois de caer no esquecemento no século XVIII, rexurdiu con gran vitalidade na década dos anos oitenta do século pasado. Os peregrinos que parten da Coruña poden obter, en determinadas condicións, a Compostela, o certificado que concede a basílica santiaguesa a quen realizan o Camiño.

Tras a estancia en Santiago de Compostela, os devotos viaxeiros regresaban polo Camiño Inglés ao porto da Coruña. Tamén escollían este porto moitos peregrinos que, a pesar de chegaren a Santiago por vía terrestre, partían en barco para distintos puntos da Europa.

Os peregrinos precisaban da cidade coruñesa para se recuperar, física e espiritualmente, antes de iniciar a referida ruta terrestre. Necesitában tamén, ao regresar de Santiago, para esperar a case sempre imprevisíbel data de partida do barco de regreso aos seus países. E, evidentemente, para adquirir alimentos e artigos

de primeira necesidade para a travesía, así como emblemas e lembranzas xacobeas, aos cales concedían un valor transcendente.

A dita actividade xerou unha cultura coruñesa da peregrinación singular e única. A súa pegada, a pesar dos avatares da historia, persiste.

Por iso, esta guía recupera a ligazón pendente, a máis emocional: a dos peregrinos actuais cos do pasado. Chéguese a esta urbe en barco ou pártase dela para realizar exclusivamente o itinerario terrestre do Camiño Inglés, a primeira etapa debe ser a propia cidade **da Coruña**. Paga a pena.

Todos levamos un peregrino dentro.



Vista parcial do antigo porto da Coruña


A Coruña/

A Coruña ten 245.000 habitantes. Sita ao noroeste da comunidade autónoma de Galicia, a súa orixe remonta ao século I a. C. Foron os romanos quen fundaron a primeira cidade, Brigantium, e estableceron un primeiro porto.


Posteriormente, a zona entrou en decadencia e perdeu gran parte da súa poboación. En 1208, o rei Afonso IX de León crea nela a actual urbe e o seu porto co nome de Crunia, topónimo de orixe incerta. A fundación encádrase nunha política de repoboación das áreas costeiras e de reforzamento do poder monárquico no noroeste galego. Para tornar factíbel o novo núcleo, talvez creado a partir de outro xa existente, o monarca recupera o perdido e abrigado porto romano e potencia o camiño con Santiago de Compostela.

A Coruña é hoxe unha cidade comercial e industrial, destacando pola súa actividade portuaria e como centro internacional da moda. Engade a isto un gran protagonismo cultural e turístico, derivado sobre todo das súas históricas relacións atlánticas.






Etapa 1 _ A Coruña - Hospital de Bruma 33,6 km



Etapa 2 _ Hospital de Bruma - Sigüeiro 24,8 km



Etapa 3 _ Sigüeiro - Santiago de Compostela 16,5 km



A Coruña dos peregrinos (ver páxinas 26 a 58)



1. Torre de Hércules.
2. Porto do Parrote.
3. Porta do Parrote (paseo).
4. Igrexa de Santiago.
5. Portada del hospital de Santo André.
6. Cruceiro de Santo André.
7. Ruínas do convento de San Francisco.
8. Igrexa de San Francisco.
9. Convento de San Domingos.
10. Convento de Santa Bárbara.
11. Rúa de Santiago.
12. Igrexa medieval de San Xurxo*.
13. Igrexa de San Nicolás.
14. Colexiata de Santa María do Campo.

* A foto (12) corresponde á actual Igrexa de San Xurxo, no medievo en Rego de Auga.

a orixe/



A peregrinación xacobeá -do latín Jacobus: Santiago- xorde por volta dos anos 820-830. A súa orixe está na descuberta, no que eran un bosque e un cemiterio abandonados e hoxe é a cidade galega de Santiago de Compostela, dun sepulcro que, por circunstancias descoñecidas, foi atribuído a Santiago O Maior.

Este Apóstolo, un dos discípulos preferidos de Xesús, tería predicado na Hispania, chegando ao extremo occidental de Galicia. Ao regresar á cidade de Xerusalén e morrer decapitado nela en torno dos anos 42-44, o seu corpo foi **levado por mar**, de acordo con certas tradicións, para terras galegas, onde recibiu sepultura. A memoria do enterramento teríase perdido até a súa descuberta nos anos vinte do século IX.

Santiago e o mar/

O mar fai parte da orixe da peregrinación xacobeá. Unha tradición afirma que o Apóstolo Santiago O Maior chegou en barco á Península Ibérica para predicar a palabra de Xesús. Continuou por terra até a costa occidental galega, considerada polos romanos o finis terrae, o final do mundo coñecido.

É unha segunda tradición a que indica que, despois da súa morte en Xerusalén, os seus discípulos o trouxeron nunha nave para o enterrar en Galicia. Tiñan un motivo. Pola súa consideración de terra final, o oeste galego era concibido como o lugar máis distante que podía alcanzar a evanxelización. Neste sentido, a sepultura de Santiago en tan remota terra sería o símbolo das raíces e extensión do Cristianismo.

Santiago é citado no Codex Calixtinus, texto do século XII imprescindible para entender a cultura medieval da peregrinación, como protector dos peregrinos por mar. Foi por iso o patrón de portos europeos e o seu nome foi dado a moitos barcos, entre eles varios dedicados ao transporte de peregrinos. Na relación de naves dedicadas a Santiago sobresaíu o porto inglés de Dartmouth.

O emblema distintivo dos peregrinos xacobeos é tamén marítimo: a concha de vieira, metáfora, entre outras virtudes, do renacer e das boas obras.



Nun fenómeno sorprendente, poucas décadas despois da descuberta do sepulcro chegan a el os primeiros peregrinos de lonxe. Nos séculos X e XI, alcanzan unha variada procedencia europea. A maioría conflúe en Santiago por terra, cruzando o continente desde lugares tan distantes como Polonia e Armenia.

Con todo, desde o século XI hai referencias a peregrinos europeos que viaxan por mar desde os países costeiros atlánticos e nórdicos. A súa chegada é irregular e o seu destino, nese tempo, calquera imprevisíbel punto da costa galega. Un exemplo son os cruzados que, camiño da Terra Santa, fan escala para visitar Santiago nas rías da Coruña -inexistente con este topónimo até o século XIII-, Muros-Noia e Arousa.

No século XII, consolídase o porto do Burgo, na mesma ría que a futura urbe coruñesa, como principal destino dos peregrinos marítimos.

Finalmente, no século XIII o porto da Coruña, fundado, como a cidade, en 1208, tórnase o destino da case a totalidade destes peregrinos, que, ademais, comezan a chegar con regularidade e en gran número.

Reactivábase así **unha relación mítica**, inmemorial, da pequena península onde se establece a nova cidade coas terras ribeirás europeas do Océano Atlántico.



Catedral de Santiago de Compostela

Estatua de Breogán coa Torre de Hércules ao fondo

Ith ve Irlanda/

A cidade e o porto romano de Brigantium, sobre cuxos espazos se sitúa hoxe a urbe coruñesa, naceron para fomentar as relacións comerciais atlánticas.

Este contacto alimentou, a través do tempo, as lendas. Unha delas é a recollida no Leabhar Ghabala, unha recompilación do século XII de narracións irlandesas de época anterior. Conta que un caudillo celta de Brigantium, Ith, fillo de Breogán, o fundador da urbe, viu unha illa desde o faro da cidade. Admirado, navegou até ela e tentou conquistala sen éxito. Conseguríao pouco despois seu fillo Mil, que se establece nela. Era a illa de Irlanda.

As antigas relacións favoreceron os contactos privilexiados que a A Coruña manterá con portos irlandeses, ingleses, bretóns, etc.



Peregrinos na cidade da Coruña e nos seus arredores

O apoxeo das peregrinacións marítimas chega nos séculos XIV e XV. A maior afluencia procede do que hoxe é o Reino Unido, de antiga e intensa vinculación co mundo xacobeo. Isto é evidenciado por múltiples fontes. Citamos, como curiosidade, unha literaria, a versión do Tristán e Isolda escrita por volta de 1210. Describe dous peregrinos anciáns en Cornualla, no suroeste de Inglaterra, cargados de conchas xacobeas sobre a vestimenta.

Por estas relacións, a vía atlántica de peregrinación, a única que combina, como elemento diferencial determinante, itinerarios marítimos e terrestres, acabou sendo coñecida como Camiño Inglés. En menor proporción, polo menos segundo as fontes, que sempre teñen un alcance parcial, tamén proporcionaron peregrinos a esta ruta Escocia, Gales, Irlanda, Alemaña, Francia, Noruega, Suecia, Dinamarca, Polonia, Holanda, Bélxica, as Illas Feroes e Islandia.

As viaxes marítimas xacobeas foron estimuladas pola mellora das técnicas de navegación e polo desenvolvemento da actividade comercial nos séculos finais da Idade Media. Tamén influíron causas alleas. A principal, as guerras, que complicaban o seguimento dos camiños terrestres. Destaca a Guerra dos Cen Anos, 1337-1453, que enfrontou Inglaterra e Francia e obrigou a eses grandes peregrinos que eran os ingleses a viaxaren de forma case exclusiva por mar, sen escalas até A Coruña.

Outra circunstancia que animou a moitos destes peregrinos foron os anos santos composteláns. A súa celebración regular, confirmada cada 6, 5, 6 e 11 anos desde comezos do século XIV, foi un revulsivo para a viaxe marítima a Santiago.

A reforma protestante, no século XVI, determinou a progresiva decadencia desta forma de peregrinación, que terminou por



Torre de Hércules



desaparecer desde os territorios europeos que a abrazaron. Así sucedeu en Inglaterra e gran parte dos Países Baixos, Alemaña, Dinamarca, Suecia, Noruega, etc. Só conservou certo vigor desde un reducido número de procedencias, como os portos franceses.

O feito que marca de forma definitiva o final do esplendor xacobeo coruñés é o ataque á cidade do mariño e corsario británico Francis Drake en 1589. Como veremos máis adiante, os antigos peregrinos ingleses tórnanse implacábeis atacantes. Todo un símbolo.

Co renacer contemporáneo da peregrinación xacobeá, iniciada na segunda metade do século XX, rexurdiron as peregrinacións marítimas até A Coruña para continuar a Santiago. Embarcacións inglesas e irlandesas son as máis frecuentes. En todo o caso, moitos peregrinos realizan unicamente o trazado terrestre.



“Ir a Santiago por mar non custa traballo. Mais por terra é a viaxe máis penosa que pode facer un inglés”. Así se expresa o peregrino británico Andrew Boord, que chega a Santiago en 1532.

Boord sabía do que falaba. Porque, como dixemos, os ingleses foron os maiores peregrinos por mar. E é no Reino Unido onde se conservan máis fontes documentais sobre as condicións para o embarque e a travesía até A Coruña.

San Godric é o primeiro inglés cuxa viaxe a Santiago, por volta de 1102, é coñecida con certa precisión. Todo indica que veu por mar, aínda que se descoñece a ruta. Á cidade de Finchale, no noroeste de Inglaterra, de onde este santo partiría e onde foi enterrado ao morrer, chegaban barcos con peregrinos nórdicos que seguían por terra aos portos do sur do país. Desde eles, a maioría navegaba a Francia, para continuar a Santiago por terra ou, en menor medida, no século XII, por mar.

Ao igual que sucede con San Godric, non é fácil seguir a pegada dos antigos peregrinos, a pesar de teren sido os protagonistas dun dos fenómenos de masas da Idade Media. “Dado o seu carácter común, a peregrinación medieval transcorría sen deixar rexistro”, indica a historiadora británica Constance M. Storrs, principal estudiosa das viaxes xacobeas por mar. É ela quen descubriu a licenza máis antiga para transportar peregrinos en barco. Ten data de 1235 e é concedida a un tal Simon of Whitleygray. Mais no século XIII estas licenzas son esporádicas. A maioría dos embarques non contaban con ningún tipo de control.



Como confirma a tamén historiadora británica Wendy R. Childs, precisa que a situación descrita muda na centuria seguinte. Perante o temor á espionaxe inimiga durante a Guerra dos Cen Anos e á saída do país de metais preciosos, a monarquía inglesa establece un sistema de licenzas e salvocondutos para navíos e peregrinos. É a resposta ao continuo incremento dos embarques e ao interese polo seu control.

Co Tratado de Brétigny, que estableceu en 1360 un período transitorio de paz entre Inglaterra e Francia, a Coroa inglesa reforzou e esclareceu as súas condicións.

Quen quixese transportar peregrinos, debía solicitar sen escusa o permiso correspondente. Grazas a estas medidas, moitos barcos ficaron rexistrados nos arquivos, contándose por centenas ou millares, segundo os anos, os viaxeiros xacobeos declarados.

Non obstante, a pesar das esixencias da Coroa, os transportes sen permiso eran continuos, polo que a cifra final de peregrinos foi, sen dúbida, moito máis alta que a oficial. Robert Brian Tate resúmeo así: “Moitas licenzas eran válidas para máis dunha viaxe e o número de peregrinos non estaba fixado. O tráfico ilegal era, igualmente, incalculábel. Os armadores adoitaban mudar o nome aos barcos para evitar arrestos”.

Engade Tate que circulaban gran cantidade de licenzas falsas que, evidentemente, non constan nos rexistros. Moitos barcos atracaban, ao regreso da Coruña, en portos menores, libres de control. Ademais, como indica o mesmo especialista, determinadas naves



O Apóstolo Santiago na portada da Igrexa de Santiago

Ría da Coruña



recibían autorizacións válidas para varias viaxes, mesmo por un ano ou máis, e para un transporte ilimitado de peregrinos, e non consta o tráfico resultante.

O número de peregrinos por embarque era variábel, sendo a súa media de entre 50 e 150, se consultarmos novamente as licenzas. A menor cifra documentada está nuns 20 e a maior máis habitual, en 200.



A cantidade máis grande coñecida de peregrinos transportados nunha soa nave desde as Illas Británicas é de 400. É un embarque realizado en 1477 na localidade irlandesa de New Ross no Mary London, de 320 toneladas. Esta nave transportara peregrinos á Coruña en anos anteriores, como en 1473, cando foi atacada polos piratas. Vicente Almazán, coñecido estudoso das peregrinacións nórdicas, refire unha nave con 500 en 1506, con escala en portos noruegueses, escoceses, flamengos, ingleses e franceses.

Os armadores e peregrinos ingleses debían comprometerse a non levar consigo produtos e materias que estivese prohibido sacar do país, caso do ouro e da prata, e a non fornecer información militar ou reservada no estranxeiro. Por razóns de guerra, foi restrinxida en certos períodos a saída de naves, cabalos e diñeiro. As licenzas conservadas nos arquivos británicos son, neste sentido, unha fonte que axuda a esclarecer as **circunstancias vitais** do momento.

Os peregrinos ingleses subían nos barcos para A Coruña mesmo en períodos de graves hostilidades entre os reinos inglés e castelán-leonés. A presión do arcebispado de Santiago e da urbe coruñesa perante os monarcas hispanos, e os propios

intereses financeiros destes, foron razóns decisivas para tentar non interromper as chegadas.

Con todo, a recepción popular en Galicia a estes viaxeiros nunca foi a idónea. Aceptábase e mesmo se ansiaba a súa chegada, mais mantíñase á distancia. Eran escasísimas as relacións establecidas cos peregrinos en tránsito e os medios para atender os máis necesitados eran case sempre deficientes. Condicionamentos sociais, económicos, relixiosos, idiomáticos e políticos influíron niso.



Vida nas licenzas/

Latexa nelas o paradoxo. A fría linguaxe administrativa das licenzas da Coroa inglesa para o transporte de peregrinos á Coruña revela, en realidade, vida por todas as partes. Boa e má. Insinúase sen dificultade nas condicións para os embarques.

Mostran, por exemplo, a rixida estrutura social do medievo. Nunha licenza de 1368, como noutras semellantes, obrígase a que a nave leve peregrinos “non clérigos, nin cabaleiros e os seus escudeiros”. Isto é, só laicos das camadas sociais media e baixa. Nada de mesturas a ese respecto nun espazo tan reducido e forzosamente comunitario como o dunha nave medieval.

Comparando determinados casos coa maioría, tamén se adiviñan os beneficios do que serían as boas relacións co poder. En 1369, autorízase, para todo un ano, o Sainte Marie Cog “a ir á Coruña con peregrinos, tantos como caberen, e regresar con mercadorías”. En 1391, permítese a Thomas Norton, vasalo do Rei, que embarque no George, en viaxe Bristol-A Coruña, “tantos peregrinos como quixer, podendo pregoar a viaxe por todo o reino”. É só advertido de que “os peregrinos deben ser súbditos fieis e non sacar ouro nin prata”.

Contrastan permisos como estes cos habituais: obrigaban a especificar o número de pasaxeiros, eran concedidos para o embarque exclusivo de peregrinos e para unha única viaxe.

As restricións derivadas das sucesivas guerras e o que estas implicaban de dificultades mesmo maiores para os peregrinos, revélanse en distintas licenzas. Citamos unha de 1428, concedida para 100 peregrinos. Outórgase ao Marie, de Bristol, salvo que a nave -especificase- “faga falta para a Armada do Conde de Salisbury contra Francia”. Esíxese, ademais, que os devotos viaxeiros sexan “súbditos fieis que non revelen segredos ao estranxeiro”.

As difíciles condicións da navegación afectaban por igual os peregrinos e quen os transportaban. E a propia peregrinación era unha práctica compartida por estes. Unha licenza de 1503 é concedida -non é o único caso- a “tripulantes e mercadores dunha nave por se teren salvado dun naufraxio”.

os portos de saída/



Estímase que os portos ingleses con máis tráfico de peregrinos para A Coruña foron Bristol e Plymouth, no oeste e no sur do país, respectivamente. Eran seguidos, entre outros, por Dartmouth, Fowey e Falmouth, e, en menor medida, Southampton, Poole, Londres, Winchelsea, etc. Segundo a documentación conservada, de polo menos 30 portos do sur, este e oeste do actual Reino Unido partiron barcos con peregrinos xacobeos.

Se repararmos unicamente nas licenzas oficiais concedidas e conservadas, Robert B. Tate esclarece que a lista británica é encabezada polo porto de Bristol, claramente en primeiro lugar, seguido de Dartmouth, Fowey e Poole. Con volumes menores aparecen, por esta orde, na costa sueste e este, Southampton, Londres, Winchelsea, Southwold e varios máis.



Porto deportivo da Coruña

Pola súa condición insular, Irlanda contou tamén cunha intensa peregrinación marítima a Compostela, polo menos a partir do século XIII. Tate destaca aquí os portos de Galway, no oeste, e Dublín, no este. As fontes testemuñan a saída de navíos con peregrinos desde outras poboacións, como Cork, Waterford, Wexford, Dingle, Limerick e Drogheda.

No continente, son especialmente activas a ese respecto varias cidades da Liga Hanseática, cuxos comerciantes tiveron nalgún momento a Santiago como patrón. Entre os portos da Hansa con maior tráfico de peregrinos aparecen os xermanos de Lübeck, Hamburgo e Danzig, e o flamenco de Amberes, actual Bélxica. Nos barcos que saían destes portos viaxaban peregrinos con todo tipo de orixes territoriais.

En Dinamarca, o porto máis activo foi o de Ribe, na costa oeste. En Noruega, destacou Stavanger. Un dos primeiros peregrinos noruegueses chegados por mar a Galicia, no século XII, foi o rei Olaf O Negro. En Suecia, os dous grandes portos de saída foron Goteburgo e Estocolmo, capital do país. Os Tánkeböcker, libros dos acontecementos memorábeis de Estocolmo, refiren na segunda metade do século XV frecuentes peregrinacións marítimas desde esta cidade. A tendencia continúa na primeira parte do XVI.



Entrada á ría da Coruña





O porto máis distante do cal partiron peregrinos medievais á Coruña foi Reykjavik, en Islandia. Os viaxeiros a Santiago concentrábanse anualmente nun mosteiro próximo desta cidade para embarcar, logo que o tempo o permitía, en dirección a algún porto noruegués, británico ou dinamarqués, desde onde continuaban viaxe. Vicente Almazán destaca un célebre médico islandés, Hrafn Sveinbjarnarson, que, segundo unha saga, peregrina a Santiago en 1213. Navega a Noruega e, de aí, de novo en barco, a Francia e Galicia.

Varios portos contaron con certa **infraestrutura especializada** para os peregrinos. O máis común era unha igrexa dedicada ao Apóstolo Santiago, onde recibían as beizóns antes de comezar a travesía. Como a espera para os embarques duraba con frecuencia varios días, algúns portos crearon hospitais para acoller os camiñantes necesitados e doentes durante a súa forzada estadía.

Portos para os peregrino/

Os peregrinos foron un activo económico e espiritual para os portos desde os cales partían con máis regularidade. Por iso, algúns de eles os tiñan moi en conta, conservando no presente a súa memoria.

Lübeck, porto central da Hansa, contou con igrexa de Santiago e hospital de acollida para os peregrinos; Southampton tiña unha porta específica de saída para eles, que sobreviviu; Drogheda, como Lübeck, dispuxo de igrexa de Santiago e hospital; e Dublín, tamén de templo e hospital, este fundado en 1216 en pleno porto polo arcebispo da cidade.

A capital irlandesa conserva, ademais, unha porta dedicada a Santiago, punto de partida dos peregrinos. É a St. James's Gate, que desde hai anos dá acceso á fábrica da emblemática cervexa Guinness. Nesta porta, lembrando a súa historia, selan hoxe as súas credenciais os peregrinos.



a travesía/

Despois de embarcaren nunha nave fretada expresamente para os peregrinos ou, en menor medida, para eles e para o tráfico comercial, comezaba a travesía para A Coruña.

Desde o sur de Inglaterra e Irlanda, a navegación duraba, nas mellores circunstancias, 5 ou 6 días. Nas mesmas condicións idóneas, máis 3 ou 4 días eran precisos para ir e vir de Santiago, e unha semana para regresar.

En total, de acompañar a sorte en todo momento, uns 20 días de media de viaxe de ida e volta, cando o traxecto por terra a través da Europa podía durar meses e os perigos eran constantes. Esta rapidez influíu no éxito da peregrinación marítima.

Desde outros portos máis distantes, hai mención de travesías máis longas. O historiador dinamarqués Arne E. Christensen refire un itinerario do século XIII baseado en fontes anteriores que conta 8 días en barco até A Coruña desde Ribe, porto de referencia de saída de peregrinos en Dinamarca. Exceptúanse as escalas -di- en portos flamengos, ingleses e franceses. Un caso extremo e talvez de dubidosa veracidade é o do clérigo galés





Giraldus Cambrensis. Afirma en 1183 que se podía navegar desde o sur de Irlanda a Galicia en 3 días.

Primavera e verán, con mellores condicións meteorolóxicas, centraban os embarques.

A pesar de permitir unha viaxe de menor duración, o éxito da peregrinación por mar sorprende.

En primeiro lugar, porque non resultaba barata. O especialista Roger Stalley afirma que o prezo da pasaxe equivalía, para un artesán, ao salario de varias semanas. Un desembolso que se efectuaba necesariamente antes de embarcar, mentres a viaxe por terra podía ser realizada mesmo sen recursos, apelando á caridade e á acollida na rede asistencial do Camiño.

Ademais, a travesía en barco non era tan simple como dan a entender a súa rapidez e as palabras iniciais de Boord. O mar impuña.

Os perigos, aínda que concentrados nun tempo moito máis curto cá viaxe polos camiños, adoitaban ser máis determinantes. Pouco ou nada podía ofrecer o peregrino para evitalos e vencelos no medio do mar. A inseguridade era case continua naqueles séculos: ataques de piratas, principalmente de orixe inglesa, francesa e castelá; treboadas; doenzas provocadas polas insalubres condicións da nave, etc. A isto uníase un pánico reverencial ás descoñecidas profundidades do mar, consideradas como a antesala do inferno. Por iso, **non morrer** era o único desexo.

A pesar diso, o afán por peregrinar non detiña os intrépidos viaxeiros medievais. Nunha mención aos peregrinos ingleses, extensíbel aos doutros países, Wendy R. Childs afirma que estes procedían de todas as clases sociais e territorios: "relixiosos, cabaleiros e damas da alta sociedade, comerciantes e xentes do mar, chegaron a Santiago de Compostela de todas as partes de Inglaterra".

E conclúe Childs: "A peregrinación a Santiago foi parte tan integrante das aspiracións da vida inglesa a finais do século XIV que mesmo aparece na literatura".

Sobrevivir a bordo/

A dimensión temporal e espacial da peregrinación e as súas vicisitudes tiñan na Idade Media e nos séculos seguintes un sentido de expiación tan relevante como a chegada a Santiago.

Pois ben, a pesar da breve duración da viaxe, os peregrinos por mar cumprían sobradamente a referida expiación, sobre todo os menos adifeirados. A súa indefensión tornábase patente desde o mesmo momento en que embarcaban. Dúas mostras. En 1506, só 16 dos 100 peregrinos que acababan de iniciar a viaxe a Santiago se salvaron ao afundir o seu navío no río Elba, cerca de Hamburgo. Sete anos despois, en 1513, é un barco británico o que afunde diante da costa inglesa ao pouco de partir para A Coruña, afogando todos os seus peregrinos.

As condicións a bordo tamén eran durísimas. A maioría da pasaxe viaxaba amoreada nos adegas, insás e irrespirábeis, e debía levar a súa propia comida, que case nin podía ser cociñada. As penurias constantes extremábanse cando a nave sufría o ataque dos piratas. As misas, como vía comunal de imploración a Deus e a Santiago para evitar estes ataques e as treboadas, eran consideradas como obrigadas. A media era de 2 ou 3 por día.

Un poema inglés de autor anónimo do século XV, *The pilgrims sea voyage and sea-sickness*, Os peregrinos por mar e o mareo, comeza así: "Os que parten para Santiago renuncian a todos os praceres. Moitos adoecen ao se facer ao mar. Cando saen de Sandwich, Winchelsea ou Bristol, ou desde calquera outra parte, os seus corazóns comezan a desfalecer". A primeira causa deses desfalecementos eran os mareos causados polo balanceo do barco, que impedía a moitos comeren e beberen. O poema acrecenta que o único que a tripulación prometía na travesía eran tormentas e galernas. "Preferiría estar no bosque sen carne nin bebida", conclúe o anónimo autor.

Unir a condición de muller á de peregrino con escasos recursos, podía incrementar aínda máis os riscos e os medos. A mística británica Margery Kempe, que peregrina en 1417, é advertida de que en caso de tempestade, sería lanzada ao mar, dado que o navío era máis inseguro con mulleres a bordo.

Para a nobreza e as persoas sobradas de recursos, as condicións eran mellores. Mais non sempre. O flamengo Jean Taccouen, señor de Zielbeke, embarca en Nieuwpoort, actual Bélxica, para A Coruña, en marzo de 1512. A súa adiñeirada posición permítelle viaxar nun camarote, mais non se libra das tensións da navegación. "Eu aconsello -conclúe- que ninguén suba nun barco pequeno que non teña un cuartíño para dous, e non leve provisión de pan, manteiga, un bote de queixo e bebida, pois a miúdo un é maltratado".

na Coruña/



Os peregrinos ansiaban perentoriamente a chegada á Coruña. Ao desembarcaren, agardábaos unha infraestrutura específica. Con altos e baixos a través do tempo, esta ofrecíalles o esencial para as súas necesidades espirituais e materiais, tanto as derivadas da case sempre durísima travesía como, ao regresar de Santiago, da espera até a partida do barco, que con frecuencia demorábase sen data concreta.

Distintas igrexas, hospitais, centros eclesiásticos, pousadas, etc., estaban ao seu servizo. A peregrinación é un feito constante na historia medieval coruñesa. Era frecuente que os peregrinos na cidade superasen o milleiro, unha presenza só superada por Santiago de Compostela.

Imos descubrir a súa pegada.

Farémolo visitando os seus espazos de encontro na orde aproximada en que eles o facían. Exprésase mediante a numeración correspondente: **1 2 3**, etc. Unha parte significativa do patrimonio que lles era propio desapareceu, arrastrado polo tempo, consérvase porén a súa localización. Acompañando ao número de referencia dos fitos desaparecidos ofrécese o que sería o enderezo actual de cada un deles.

A Torre de Hércules orientaba os antigos barcos de peregrinos



a chegada ao porto/

As condicións extremas da travesía marítima estaban no ánimo dos peregrinos embarcados cara á Coruña. A visión da **TORRE DE HÉRCULES 1**, avenida Navarra s/n, representaba, por iso, un momento de inusitada emoción.

Este faro de orixe romana, construído entre finais do século I e comezos do II, declarado Patrimonio Mundial da Unesco en 2009, era coñecido nos portos de saída dos peregrinos. O seu descubrimento no horizonte era **a aparición máis desexada**. Significaba a chegada ao porto de destino, o final dos peores sufrimentos, o contacto de novo coa terra firme.



A visión da cidade do faro/

En Galicia e nos portos da fachada atlántica europea, A Coruña era coñecida como Pharum, Phare, Far, etc. Unha consecuencia da fama lendaria da súa impresionante torre marítima. O topónimo “Faro” deriva da súa misión orixinal, xa que a denominación do edificio como “Torre de Hércules” é posterior. Xorde dunha lenda escrita a finais do século XIII que afirma que Hércules, o lendario heroe grego, matou o malvado xigante Xerión nestas terras, fundando, en lembranza da súa vitoria, unha poboación e un elevado faro.

Partindo do nome oficial da cidade, a documentación e os peregrinos históricos refírense tamén cos máis inverosímiles topónimos: La Coulongne, La Crunhe, La Groyne, La Grune, Clunya, Crunna, Corunna, Coromha, Corund, Lagrunje, Grwne, Grunn, Kron, Kronen, etc.

Alúdese a ela mesmo como Finster Stern - Estrela Escura/ Tenebrosa-, topónimo utilizado por algúns peregrinos xermanos para se referiren a Fisterra, a terra da última luz. Faíno, por exemplo, o alemán George von Ehingen en 1457. A Coruña era interpretada nestes casos como o porto do finis terrae que Galicia, que citaban como Jacobsland, terra de Santiago, era para eles.

O milenario faro, como escribe un dos relatores que acompañaron o príncipe italiano Cosme III de Médicis en marzo de 1669, cando, despois de peregrinar a Santiago, chega á Coruña para embarcar en dirección a Inglaterra, “servía aos navegantes para acertar sen erro coa embocadura do porto”. Non podía ser máis decisivo.



Escudo da Coruña do século XVII
Museo Arqueolóxico da Coruña

Subir na actualidade á Torre de Hércules, restaurada en 1789 até alcanzar os 55 m de altura, 112 sobre o nivel do mar, e contemplar o acceso marítimo á ría coruñesa, é un modo de intuír a intensidade emocional daqueles valentes e distantes viaxeiros do espírito.

A Coruña condensou a relación histórica entre torre e peregrinos no seu escudo, creado no século XVII: sobre un fondo azul mariño, xorde a Torre de Hércules flanqueada por sete conchas de vieira. É revelador a ese respecto o pétreo escudo do século XVII conservado no Museo Arqueolóxico da cidade, que mostra neste caso catro vieiras. A vinculación faro-peregrinación viña de antigo. Isto é evidenciado por un selo da cidade de 1448. Sitúa a torre entre dúas **vieiras**.

A concha dos peregrinos/

Concha de vieira, vieira ou concha do peregrino. Todos estes termos son utilizados para referir o ‘pecten jacobaeus’ ou ‘pecten maximus’, un molusco bivalvo de tamaño considerábel moi frecuente na costa oeste galega. Por motivos imprecisos, a concha superior deste molusco, cóncava no interior, converteuse, polo menos a partir do século XI, en emblema dos peregrinos a Santiago, que a portaban nas súas vestimentas e sombreiros.

A historia nada nos esclarece do porqué deste costume, que continúa hoxe. A lenda, si. Conta que un home caeu ao mar e afundiú co seu cabalo nalgún punto da costa galaico-portuguesa. Nese instante, pasaba por alí o barco que traía o corpo de Santiago a Galicia. E ocorreu o milagre. Cabaleiro e cabalo saíron vivos e sans da auga cubertos de conchas de vieira.

Símbolo lendario xa en tempos precristiáns, o Codex Calixtinus, do século XII, ennobrece esta concha como emblema do peregrino a Santiago. Entre as moitas virtudes que lle son atribuídas, algunha xa referida nesta publicación, destacamos unha: a que conta que a súa forma exterior, convexa, protexe o peregrino, e que a interior, cóncava, o acolle.

Cando en 1987 o Consello de Europa considerou as rutas do Camiño de Santiago en España e outros países como o primeiro Itinerario Cultural Europeo, estableceu a vieira como o signo identificador. Na actualidade, esta sinalización adoita combinarse coa frecha amarela, emblema contemporáneo da ruta xacobeá.



Os barcos adoitaban fondear na ría, chegando os peregrinos ao porto en lanchas de remos.

O punto habitual de desembarco era o **PORTO DO PARROTE** ² actual Paseo Marítimo Alcalde Francisco Vázquez. O centro da actividade coincidía coa hoxe área privada de servizos da Solana e co hotel Hesperia Finisterre, ambos complexos sobre espazo tomado ao mar. Era unha localización portuaria privilexiada, protexida dos peores efectos do mar aberto e inmediata á coñecida como Cidade Vella, área orixinal da poboación fundada en 1208.

O Parrote, hoxe sepultado baixo o formigón mais cuxo latexo emerge do fondo para quen pretenda presentilo, era pouco máis que un areal entre rochas, un espazo escasamente dotado de infraestrutura específica. Mais entre os séculos XIII e XVI, e en moita menor proporción nos XVII e XVIII, recibiu peregrinos europeos contados por millares durante moitos anos.

O testemuño máis antigo desta relación xorde no Anónimo da Crónica do monxe flamengo Emón. En xuño de 1217, durante a Quinta Cruzada, uns 350 navíos dinamarqueses, noruegueses, flamengos, alemáns etc. saíron de Dartmouth, Inglaterra, en dirección á Coruña, como primeira grande escala. Transportaban varios millares de cruzados que, desde a baía coruñesa, partiron por terra para visitar a catedral de Santiago. Regresaron con gran rapidez ao porto coa intención, quebrada polo mal tempo, de continuar a navegación para Terra Santa.



Área do perdido porto do Parrote.
Ao fondo, o hotel Hesperia Finisterre

Vicente Almazán resume a histórica visita con palabras do anónimo autor: “Tendo o vento a favor, chegamos o venres seguinte a Far, que é unha magnífica cidade de Galicia cun porto moi seguro e unha espléndida torre mandada construír por Xulio César. Tendo ancorado os nosos navíos, saímos ao día seguinte cara Compostela. Despois de termos ido adorar Deus e o Santo Apóstolo, regresamos á Coruña, onde tivemos que esperar nove días a que acalmaran os ventos adversos. Algúns quixeron levantar áncoras a pesar da





Vista da península da Coruña. Na esquerda, a área ocupada polo porto do Parrote, hoxe urbanizada

tempestade e morreron ao longo da costa galega”. Cando a flota conseguiu reunirse en Lisboa, un terzo das embarcacións desaparecera.

A Coruña non só acolleu escalas de cruzados que ían visitar Santiago. Foi tamén porto intermedio para naves con peregrinos que, desde diferentes portos atlánticos europeos, se dirixían a Roma e Xerusalén, as outras dúas grandes metas da Cristiandade. En todo o caso, este tráfico é esporádico, sen comparación posíbel co xerado polos navíos con viaxeiros xacobeos. A monarquía e, sobre todo, o arcebispado compostelán, que recibía unha parte dos dereitos de ancoraxe cobrados no porto e integraba A Coruña na súa diocese, mostraron moito interese pola libre circulación dos devotos estranxeiros na cidade. Unha mostra témola en maio de 1440 ao capturaren os coruñeses un barco inglés de peregrinos, o Katherine, en represalia polas prácticas comerciais da súa tripulación e viaxeiros, que consideraban prexudiciais.

Ao ser coñecida a retención, un enviado do Arcebispo actúa de inmediato perante os veciños e os seus representantes. O incidente acaba coa liberación do navío e coa devolución do incautado. É aprobado, ademais, un requirimento a favor da protección de todos os peregrinos que chegasen á cidade e dos seus bens e mercadorías, así como das naves que os transporten. “Non deben os peregrinos estranxeiros ser arrestados nin embargados por motivo de represalias contra eles”, determínase. O apoio monárquico á peregrinación e ao seu porto é tamén

evidente case sempre. En 1466, Henrique IV de Castela chega ao punto de autorizar o Concello coruñés a concertar treguas particulares coa Coroa inglesa perante o enfrontamento que mantiñan con ela España e Francia..

Diversos documentos evidencian tamén interese do Concello coruñés por favorecer o tránsito e a estadia dos peregrinos, sen dúbida un activo económico. Temos un exemplo en 1494. Os representantes municipais solicitan á Coroa española que a pragmática que prohibía utilizar animais de sela a quen non fose cabaleiro, non fose aplicada aos peregrinos que chegan ao porto do Parrote, permitindo alugarlles, como se admitirá, cabalos, mulas ou outro animal similar para a viaxe por terra.

Regresando aos prelados santiagueses, estes puñan especial atención a cómo eran atendidos os peregrinos de ascendencia nobre na Coruña, xa for á súa chegada ao porto ou con motivo da súa partida. Considerábanos os seus convidados.

Caso ben coñecido é a axuda que o prelado compostelán Ambrosio de Spínola presta en 1669 ao príncipe Cosme III de Médicis até que embarca para Inglaterra. Como na súa estadia en Santiago, ordena estar pendente das súas necesidades, e envíalle á Coruña un cumprimento presente para a travesía. Paga a pena referilo: 4

caixas de xamóns, 12 en cada unha, varias barricadas de linguados, 20 caldeiros de ostras e diversas caixas de doces e froitas en xarope.

Os navíos con peregrinos que arribaban á Coruña eran de dous tipos: os fretados exclusivamente para transportalos e, en menor medida, os que compatibilizaban a súa presenza co transporte de mercadorías. Unha das embarcacións máis utilizadas era a coca, nave áxil en alta mar e de adecuadas dimensións para navegar por ríos e baías de regular calado. Desde o século XV, tamén chegaron moitos peregrinos noutro popular modelo de nave, a urca, ideal para o transporte de mercadorías e persoas, e de maior volume cá coca.



No Parrote desembarcábanse manufacturas diversas, sobre todo tecidos de calidade, exportándose principalmente viño e produtos do mar. Robert B. Tate indica que os comerciantes de Bristol e Londres fixeron fortunas coa importación de viño desde A Coruña e a exportación de panos, ao tempo que utilizaban os seus barcos para transportar peregrinos.

Houbo acordos específicos entre o porto coruñés e outros británicos, como Bristol. A Coruña era, ademais, unha escala idónea para o comercio marítimo entre o Atlántico norte e o mar Mediterráneo. O Parrote é, por todo iso, o **gran porto histórico dos peregrinos** xacobeos.

Portus Magnus Peregrinorum/

Os romanos coñecían o porto coruñés como Portus Magnus Artabrorum, en alusión aos ártabros, poboadores da zona. Nos séculos XIV ao XVI, a versión evolucionada deste topónimo ben podía ter sido Portus Magnus Peregrinorum. O tráfico xacobeo, como recoñecen historiadores como Elisa Ferreira, impulsou as demais actividades comerciais.

O peregrino inglés William Wey, un dos fundadores do prestixioso Colexio Eton, describe en maio de 1456, mentres espera o día para embarcar, unha Coruña con xentes “de Inglaterra, Gales, Irlanda, Normandía, Francia, Bretaña e outros lugares”. O serio e respectado Wey conta, tamén, 84 naves na baía, delas, 37 inglesas. 37! Cando, como lembra Wendy R. Childs, en todo ese ano só se coñece a concesión de 19 licenzas para barcos de peregrinos.

Wey, procedente do porto de Plymouth e que viaxa con outros devotos no Mary White, escribe que o día en que levantaron a áncora saíron para o mesmo destino máis cinco naves inglesas con peregrinos. Fixérono -concreta- desde os portos de Portsmouth, Bristol, Weymouth e Limyngton. Wey recibiría esta información trocando datos con peregrinos e mariñeiros da súa nacionalidade no porto coruñés.

O suízo Heinrich Schönbrunner von Zug tamén descobre en 1531 un porto repleto de devotos xacobeos. Logo de embarcar na Rochelle, Francia, onde ve chegar noutro barco -indica- 300 peregrinos que retornan de Santiago, desembarca na Coruña -denomínaa Kron- e marcha á catedral compostelá cos seus compañeiros nos cabalos que, despois de faceren noite na cidade, lles aluga o seu pousadeiro.

Ao regresar, Schönbrunner debe esperar catro días a saída do barco. Ocupa parte do tempo con algunha excursión a cabalo pola zona. “Había -escribe- moita actividade [no porto] e moita xente que, coma nós, esperaba o vento favorábel”. A súa nave regresa a La Rochelle con 52 peregrinos. Con eles navegaban mais dous navíos.

Un deles acabará por afundir con persoas e bens.



Representación da estadia
na Coruña do peregrino
William Wey



Non todos os viaxeiros chegados ao porto coruñés peregrinaban para si mesmos. Eran frecuentes quen, como acontecía nos itinerarios terrestres, o facían en nome doutros. Podía ser no lugar dun familiar, dun amigo, de alguén adifeirado ou por delegación dalgún nobre ou persoa do clero ou da realeza.

Íase a Santiago en nome de seres vivos e mortos. Cobrando por iso ou simplemente polo impulso do afecto ou da obediencia. Para a historia e o mito ficou a peregrinación do cabaleiro escocés James Douglas **co corazón do seu rei**, falecido en 1329.



Paseo Alcalde Francisco Vázquez



O peregrino morto Robert Bruce/

O lendario rei escocés Robert Bruce (1274-1329) anhelaba peregrinar a Xerusalén e Santiago. Ao ver que morría sen conseguilo, encargou ao cabaleiro James Douglas, heroe coma el da loita pola independencia de Escocia, que, ao falecer, lle tirase o corazón e cumprira a promesa pendente, que concluiría depositando tan significativo órgano perante o Santo Sepulcro de Xerusalén.

Varios historiadores, entre eles o británico James Stone, en 1927, afirman que Douglas, acompañado dos seus colegas de armas, viaxou por mar até A Coruña -citada nuns versos a eses efectos como Grund- e tería marchado a Santiago. Pouco despois, o grupo de escoceses uniuse ás tropas cristiás que combatían aos musulmáns en Andalucía. Douglas faleceu en Málaga nunha batalla.

A lenda conta que o corazón do rei, que o fiel cabaleiro portaba nunha caixa de prata pendurada no pescozo, foi levado novamente para Escocia, sen chegar a Xerusalén.




Porto do Parrote

Unha idea da localización orixinal do perdido porto coruñés proporcionaa a **PORTA DO PARROTE** ³, Paseo do Parrote s/n, inmediata ao hotel Hesperia Finisterre, no número 2-4 do referido paseo. Como a cidade estaba rodeada de murallas que rozaban os areais e as rochas da costa en distintos puntos, varias portas permitían o acceso á urbe desde o mar. Da do Parrote, aberta á hoxe perdida praia do mesmo nome e incluída no antigo ámbito portuario, parte actualmente o Camiño Inglés.

Coñecida tamén como Porta da Cruz e posíbel substituída doutra anterior do século XIV, foi erguida coa súa actual fisionomía e algunha reforma posterior en 1676. No centro mostra o escudo real. Salva o desnivel existente a través dunha pronunciada e angosta escada que sobe, en dupla dirección, ao paseo.

Como a do Parrote, tamén viron pasar moitos peregrinos as próximas portas do Cravo e de San Miguel, esta última existente xa no século XIV. Todas elas son referidas como portas do mar, ao se abriren sobre as inmediatas augas da ría.

Ao desembarcaren no porto, os peregrinos dirixíanse á próxima **IGREXA DE SANTIAGO** ⁴, naqueles tempos a só cen metros do mar. Era o primeiro: agradecer ao Apóstolo polo cal emprendían tal aventura a chegada con vida ao porto. Superada a traumática travesía, os pouco máis de 70 km que os separaban da catedral compostelá representaban unha dificultade case sempre menor.



Fachada da Igrexa de Santiago



No interior do templo expresaban o seu agradecemento e desatado amor ao apóstolo Santiago dando **abrazos** á súa imaxe pétrea, disposta para eles no altar maior.

Sexa como for, a visita á igrexa de Santiago, como a outros templos da cidade que veremos, ía máis alén da perentoria necesidade do peregrino de se reencontrar co Apóstolo.

Esclaréceo Elisa Ferreira, grande estudosa galega das rutas marítimas: “Os actos relixiosos en terra, na propia Coruña -escribe-, tiñan unha importancia inusitada en comparación co que ocorría cos peregrinos que viaxaban a pé. E é que a peregrinación inglesa [cita Ferreira esta procedencia por ser a máis frecuente, mais non a única, como vimos] é atípica dentro das rutas xacobeas, onde o camiño andado é fundamental. Só unhas doce leguas os separaban do santuario [de Santiago, logo de chegar ao porto], e isto non era suficiente. Por tanto, tirábase tamén o máximo partido ao camiño andado en territorio inglés desde o lugar de partida ao embarque”.

A igrexa de Santiago, de comezos do século XIII, é a máis antiga da Coruña, sendo sometida a varias reformas a través do tempo,



Abrazar Santiago na Coruña/



Imaxe de Santiago antigamente abrazada polos peregrinos


A exultante alegría dos peregrinos ao pisaren terra firme extremábase ao abrazar o Apóstolo Santiago na súa igrexa. Da mesma forma que a catedral compostelá, o templo coruñés mostraba no altar maior unha imaxe pétrea de Santiago do século XIV que os peregrinos abrazaban. En 1521, estaba situada do lado do Evanxeo -na esquerda, ollando para a cabeceira do templo. O centro do altar maior estaba ocupado pola Virxe María, a outra gran devoción dos peregrinos en tránsito, flanqueada por unha segunda imaxe de Santiago e outra de seu irmán Xoán.

Como na catedral compostelá, alcanzábase a estatua do abrazo subindo uns chanzos. Este costume entrou en decadencia coa case total ausencia de peregrinos desde o século XVIII e o incendio sufrido polo templo en 1779, que alterou a súa fisionomía. A pesar diso, o investigador coruñés Antonio de la Iglesia indica en 1861 que esta figura aínda era abrazada, chegando a ela “por medio de dúas escadriñas”.

A histórica estatua, que mede 1,75 m de altura, está situada actualmente sobre un pedestal no comezo da nave, á dereita da porta de entrada, no lado da Epístola. Está moi afastada da súa histórica localización.

Sostén na man esquerda unha cartela, de factura recente, onde se le, en latín, “Santiago O Maior, patrón de España”. Na man dereita mostra un bordón con cabaza, dous coñecidos atributos dos peregrinos históricos. A especialista Dolores Barral Rivadulla estima que, en tempos medievais, esta man, que non é a orixinal, perdida, sostiña o báculo en forma de tau con que o Apóstolo aparece noutras imaxes antigas. Mostraría a súa natureza evanxelizadora e camiñante, cargada de autoridade. Santiago está sentado sobre un león, símbolo da ferocidade amansada pola fe.

Na parte posterior da imaxe, algúns visitantes e peregrinos depositan papeis con peticións ao Apóstolo.



Portadas occidental, foto 1 e 2, e lateral, foto 3, da Igrexa de Santiago



a última, moi intensa, entre os séculos XVIII e XIX. Puido substituír outro templo anterior, moi modesto, do que nada se conserva. Si se contemplan na nave actual algúns elementos das ruínas romanas que formaban o espazo cultural sobre o cal se ergueron as edificacións cristiás.

Obra en orixe gótica con reminiscencias románicas, mostra esta igrexa influencias do Pórtico da Gloria da catedral compostelá, de finais do século XII. Aprécianse nas súas portadas principal e lateral e nos capiteis interiores.

Ademais da imaxe pétrea de Santiago, as evocacións xacobeas no exterior e no interior do templo son moitas e diversas. Visitámolas.

A portada principal, ao occidente, é flanqueada polas figuras dos irmáns apóstolos San Xoán Evanxelista e Santiago O Maior. Este sostén un bastón en forma de tau, aludindo á súa natureza misioneira e camiñante, afirma a historiadora Dolores Barral, nunha liña sustentada por outros especialistas. Santiago descansa sobre un león que, segundo a mesma autora, se relacionaría, dentro dun significado polivalente, coa actividade pastoral do Apóstolo, dirixida á submisión do mal. A fereza amansada pola fe.

A figura do apóstolo xacobeo repítese no tímpano, mais agora de a cabalo, na súa faceta de Santiago cabaleiro, soldado do Cristianismo -millares Christi. É unha escultura de 1790, estraña e dunha finxida naturalidade, que pretende entroncar, sen conseguilo, antes ao contrario, co pórtico baixomedieval.


Elevándose á esquerda da portada principal xorde un relevo coa vieira xacobeas esculpida entre os escudos dos reinos de León -esquerda- e Castela -dereita. Estes mesmos escudos son

reproducidos na parte superior do relevo, en posición invertida, coa cruz no centro. O conxunto, datado no século XIV, tería como obxectivo reforzar a imaxe da Coruña como cidade de fundación real ao servizo dos peregrinos e da fe. Algún autor considerouno unha aproximación a un primeiro escudo da cidade.

A portada lateral, aberta á Rúa de Santiago, mostra no tímpano o Agnus Dei, a representación de Xesús Cristo inmolado como o cordeiro pascual para a salvación dos seres humanos. É a mesma imaxe que culmina, sobre as tribunas, o Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago. Aludiría ao supremo anhelo do peregrino: a visión do misterio sagrado, sempre distante, mais sempre posíbel na súa extrema conmisericordia.

No interior do templo, tamén gótico con distintas reformas posteriores, merecen atención os capiteis con conchas de vieira que culminan as columnas de dous dos arcos da nave, comezando polas dúas máis próximas do presbiterio. É un motivo escultórico específico desta igrexa, pola súa condición de meta xacobeas do mar.

Sobresaen os capiteis das tres columnas sobre as que se asenta o segundo arco da nave mirando cara ao altar maior, á esquerda. Culmínase cunha serie lineal de 11 vieiras, baixo as cales aparecen, segundo algún autor, figuras xeométricas, e que na realidade serían bordóns de peregrino cruzados en aspa. É este un emblema da peregrinación moi representado na Baixa Idade Media e séculos posteriores.



Capiteis decorados con conchas de peregrino. Igrexa de Santiago



O apóstolo xacobeo aparece en tres imaxes no interior. Unha é a medieval do Santiago do abrazo, xa comentada. As outras dúas son moi posteriores, de finais do século XVIII. A máis visíbel é o Santiago Apóstolo sedente con bordón de peregrino, que preside o retablo neoclásico do altar maior. É flanqueado por San Xosé e San Xoaquín, esposo e pai de María, respectivamente. Culmina o conxunto María co Meniño Xesús e súa nai Santa Ana. Esta sostén un acio de uvas que o Meniño tenta alcanzar.

A terceira imaxe de Santiago, alzada ao nivel do coro do templo, sobre o arco dunha capela, móstrao de a cabalo en pleno combate contra os infieis. Este tipo de representación é coñecido popularmente como Santiago matamouros. Foi unha iconografía moi popular en España nos séculos XVIII e XIX. Alude á loita medieval da Península Ibérica contra os musulmáns. Estas imaxes pretendían alentar o catolicismo patrio, en contraposición ao sentido aberto do Santiago peregrino medieval, o máis representado a través da Europa.

Nos relevos do púlpito, do lado do Evanxeo, móstrase unha alegoría da peregrinación -vieiras, estrela e arca sepulcral de Santiago, cruz de Santiago, cabaza, etc.-. A peza susténtase nun pedestal alusivo á mitoloxía mariña.

A vinculación marítima prolóngase no muro da escada que sobe ao coro. Nun dos perpiaños elevados da grande fiestra, un gravado de riscos simples mostra un home gobernando unha embarcación coas redes estendidas. Para algúns, trátase de Santiago, en orixe pescador e protector de mariñeiros e peregrinos no mar. Esta representación xorde nalgún outro punto do templo.



As capelas que flanquean o altar maior estiveron vinculadas a dous dos gremios máis identificados coa actividade xerada pola peregrinación. A do lado do Evanxeo -esquerda-, actual da Esperanza, con iconografía da Anunciación, foi a do gremio dos xastres, e a do lado da Epístola -dereita-, hoxe do Santísimo, dos mareantes.

Da igrexa de Santiago dependeu o que puido ser o hospital de peregrinos máis antigo da cidade, aínda que non hai noticias del até o século XV, cando se relaciona cun xurado do Concello, Juan Ferreño. Abríase nas inmediacións do templo, aínda que se descoñece a súa localización exacta. Precisamente, na igrexa de Santiago debían reunirse e rexistrarse os peregrinos para ser atendidos en hospitais da cidade.

A pesar de xurdir para o servizo espiritual aos viaxeiros xacobeos, este templo tivo outros usos. Foi unha das dúas primeiras parroquias medievais da Coruña. Tamén prestou o seu atrio para as reunións do Concello da cidade e era lugar habitual das reunións veciñais, convocadas mediante o tanxido dos seus sinos.

Na igrexa de Santiago sélase, desde hai anos, en colaboración coa confraría do Apóstolo da cidade, a credencial do peregrino.

Da esquerda para a dereita, nave,
púlpito e retablo do altar maior da
Igrexa de Santiago

a estadia/



Ao saíren do templo de Santiago, uns peregrinos emprendían o camiño á catedral compostelá. Outros, segundo as présas, a saúde, a capacidade económica e a hora do día, pasaban polo menos unha noite na cidade.

Os peregrinos sen recursos buscaban acollida gratuíta nos hospitais, que atendían xentes en tránsito e doentes. Esta hospitalidade, tan relacionada co Camiño de Santiago, era financiada por institucións, gremios e personalidades locais como vía para congraciarse co Apóstolo.

O centro asistencial que acolleu o maior número de viaxeiros xacobeos foi o Hospital de Santo André, hoxe desaparecido. Sobreviven dúas mostras, a súa portada e o seu cruceiro, en dúas rúas da cidade.

A **PORTADA DO HOSPITAL DE SANTO ANDRÉ** **5**, encóntrase no Paseo do Parrote, s/n, próxima do n.º 3 desa vía e a uns cen metros da Porta do Parrote. Foi transportada desde a súa localización orixinal, na Rúa Santo André, sede do hospital, ao xardín de San Carlos. En 1956 situouse onde hoxe está, na muralla que circunda o referido xardín, como simbólico acceso ao Arquivo do Reino de Galicia.

O hospital de Santo André foi fundado polo gremio de mareantes en data incerta, posibelmente a finais do século XIV. Foi dedicado a este Apóstolo por ser o patrón de pescadores e mariñeiros, os seus promotores. Tiña unhas 150-180 camas. Parte do seus edificios sobreviviron até avanzado o século XIX. En todo o caso, despois de ser destruído polos ingleses comandados por Francis Drake en 1589, a súa decadencia foi continuada.

Felizmente, salvouse a portada que nos ocupa. Do século XV e de inspiración compostelá, mostra peixes na arquivolta superior. Aluden ao referido gremio de mareantes. A arquivolta central é composta por unha sucesión de

aspas, alusivas á cruz en que Santo André sufriu martirio, rodeada por follas cuxa forma fai lembrar nalgún momento conchas de peregrino en posición cóncava. A arquivolta inmediata ao timpano é formada por 8 figuras. Serían anxos coas ás estendidas



Portada de Santo André

en actitude de oración, axeonllados. Cinxen as súas roupas cos característicos cordón anoados franciscanos, unha identificación premeditada cos monxes desta orde, que atendían o hospital.

A visión da portada de Santo André é emocionante: conecta, como poucos elementos patrimoniais da cidade, o peregrino actual co do pasado. Ademais, desde este punto contéplase, en fronte, a porta marítima do Cravo, pola cal tamén pasaron moitos peregrinos, e o extenso e urbanizado recheo baixo o que xace o antigo porto do Parrote.

Sexa como for, a localización orixinal do hospital que nos ocupa e da súa capela estaba onde hoxe se sitúa a segunda mostra, o **CRUCEIRO DE SANTO ANDRÉ** **6** na populosa Rúa Santo André, 32, fronte ao n.º 39. Esta singular obra, que se dataría polo menos en parte da súa estrutura por volta do século XVI, pertencía ao conxunto do hospital.

A través dos 5 **bordóns de peregrino** que circundan o seu fuste, evidencia a misión máis característica da perdida edificación. Aínda en 1589, ao ser destruído no ataque inglés á cidade, dise que en Santo André “eran recollidos e curados moitos peregrinos estranxeiros”.



Cruceiro de San Andrés
Abaixo, detalle dos bordóns esculpidos

O terceiro pé do peregrino/

O fuste con bordóns do cruceiro de Santo André é unha rareza na arte xacobeá, o que multiplica o seu valor. Mais non é unha excepción noutros ámbitos e soportes a representación do bordón. Forma, coa concha de vieira, o dúo de emblemas históricos dos peregrinos a Santiago máis reproducido.

No presente, só é recreada a vieira, mais nos séculos históricos da peregrinación o bordón era motivo inspirador en todo tipo de formatos. Realizado en óso ou metal, mostrábase sobre todo en chapeus e vestimentas. Foi moi común o adorno formado por dous bordoncillos cruzados en forma de aspa.

O termo “bordón” procede do francés bourdon, un longo bastón utilizado polos peregrinos dese país. En inglés, era coñecido como pilgrim's staff. Tal era o valor concedido ao bordón, que do seu deseño e elaboración se encargaban os mellores artesáns, e que se bendecía, xunto coa escarcela ou zurrón, no comezo da viaxe.

O Codex Calixtinus alude no século XII ao bordón como o terceiro pé do peregrino, símbolo da Santísima Trindade, e arma de defensa contra alimarias e ladróns, equiparados co demo tentador. O deseño dos bordóns do cruceiro de Santo André é o propio dos séculos XV ao XVIII.





En ambas as imaxes, ruínas do antigo convento de San Francisco

Para o camiñante xacobeo actual, a capacidade evocadora deste simple cruceiro é incuestionábel. A inmediata Igrexa Castrense de Santo André, paralela á rúa, substituíu en 1890 a antiga capela do hospital.

Sobrevive unha terceira mostra do conxunto de Santo André. É a pia baptismal da súa capela, conservada no Museo Arqueolóxico da cidade. Na súa case perdida decoración adivíñase unha concha de peregrino.

No final da Rúa San Andrés, cara ao oeste, comezaba no pasado o camiño a Fisterra, un destino naqueles tempos inhóspito que, con todo, atraía moitos peregrinos. En Fisterra, a só 100 km, estaba o cabo do mesmo nome, considerado o final do mundo desde tempo inmemorial. Esta crenza transformouse para os peregrinos xacobeos nunha visión ao mesmo tempo mítico e espiritual, ao interpretar Santiago como o valente apóstolo que levara os Evanxeos a aquela terra final, a porta ao Máis Alén. O inicio deste remoto trazado desde A Coruña é lembrado na actualidade pola Avenida de Fisterra.

Aínda que ningún hospital da cidade tivo a repercusión do de Santo André, outros, como o Bo Suceso, Os Anxos, A Soidade, A Caridade, etc., acolleron peregrinos, tanto na Idade Media como nos séculos XVI ao XVIII. Eran sempre peregrinos pobres e doentes, dos cales unha parte significativa falecía. Non se conserva ningún destes establecementos.

Perante a continua afluencia de peregrinos e a escasa oferta asistencial da cidade, en 1502, o rexedor local, Pero Montoto,

propón aos monarcas españois Isabel e Fernando, os Reis Católicos, unificar os catro pequenos hospitais existentes naquel momento nun só. Un novo, grande e ben dotado: o Grande Hospital de Peregrinos da Coruña, destinado, á semellanza do Hospital Real de Santiago de Compostela, a acoller todos os peregrinos sen recursos e doentes.

Montoto xustifica a petición na singular condición portuaria da cidade, á cal chegan desde Santiago -escribe- moitos peregrinos "a buscar pasaxe para Flandres, Francia e outras moitas partes". A espera case sempre prolongada a que se vían obrigados até que conseguían embarcar, facía que ficasen na urbe.

O grande hospital coruñés nunca foi construído, a pesar de advertir o rexedor aos monarcas que os peregrinos pobres de distintas partes da Europa superaban moitos días o millar. "Non tendo onde ser acollidos -engade- vagan polas rúas".

Os nobres e relixiosos tiñano máis fácil: eran recibidos nos conventos da cidade.

Na hospitalidade cos peregrinos distinguidos destacaron os franciscanos. O seu convento orixinal, extramuros, perdeuse, mais consérvanse os seus restos arqueolóxicos. Son as coñecidas como **RUINAS DO CONVENTO DE SAN FRANCISCO** 7, praza Carlos I, seguindo ao final do acceso lateral da Fundación Luís Seoane.

Unha lenda atribúe a creación do cenobio ao propio San Francisco con motivo da súa peregrinación a Santiago, por volta de 1214. Propúxose mesmo que o Santo de Asís partiu para Italia desde o porto coruñés despois desa fundación. Outros autores considéranlo obra do seu discípulo Frei Benicasa de Todi nas primeiras décadas do século XIII. Como o convento se ergueu rozando, naquel tempo, as rochas do mar, a lenda conta que Benicasa alimentaba os operarios con peixes, que acudían á súa cesta en multitude. O franciscano recollía os necesarios e despedía os demais cunha beizón.

O convento acolleu varios membros da realeza de camiño ou regreso da súa peregrinación a Santiago. Así sucedeu cos monarcas e príncipes españois Xoana A Louca, Carlos I e Filipe II (s. XVI) e con personaxes tan relevantes como o príncipe italiano Cosme III de Médicis (s. XVII). San Francisco dispuña de cuartos para o clero en peregrinación e foi, tamén, a entidade relixiosa máis hospitalaria para peregrinos de calquera condición.

O conxunto conventual viviu un momento trágico en 1589 ao atacar o almirante inglés Francis Drake a cidade comandando unha flota de 120 naves e 17.000 soldados. O ataque foi a resposta inglesa á fracasada tentativa española de invadir





Actual Igrexa de San Francisco



Inglaterra en 1588 cunha gran flota, a coñecida popularmente como Armada Invencíbel.

San Francisco acabou por ser incendiado para evitar a súa toma polos **inimigos ingleses**, que, polo seu lado, queimaron outros relevantes edificios e núcleos da cidade, que ficou arrasada.

En 1653, San Francisco sufriu novamente a destrución. Foi causada polo estoupido da polvoreira militar, próxima do lugar. Hoxe, na localización orixinal do convento só fican as súas ruínas. Nelas apareceron varias lápidas de granito con vieiras. Están conservadas no Museo Arqueolóxico. Corresponden a peregrinos e monxes, así como a confrades e artesáns relacionados con este cenobio (ver foto páx. 60).

O convento franciscano acabou nas mans do Exército e, co tempo, desapareceu. Mais sobreviviu o seu templo. É a **IGREXA DE SAN FRANCISCO** **8**, en la avenida Calvo Sotelo, 41, onde foi transportada entre os anos 1964 e 1981. De estilo gótico, aparece moi alterada polas múltiples reformas posteriores e, sobre todo, polo transporte á súa nova localización, que a descontextualizou sen remedio.

Na súa localización orixinal, neste templo foron celebradas misas e actos relixiosos multitudinarios para peregrinos de toda orixe e

condición, que mesmo farían noite nas súas naves. William Wey conta no seu relato de 1456 que, despois de asistir aos actos relixiosos en Santa María do Campo, foi ao día seguinte a San Francisco. Alí escoita un sermón dedicado ao Apóstolo Santiago. Pronúnciao -engade- un bacharel en Teoloxía inglés para os numerosos ingleses alí concentrados.

Tamén o **CONVENTO DE SANTO DOMINGO** **9**, praza de Santo Domingo, 1, recibiu peregrinos ilustres e da Igrexa. Entre eles, ao rei castelán de orixe flamenca Filipe O Famoso, chegado ao porto de camiño a Santiago en 1506.

Perante a falta de fontes documentais, certas tradicións atribúen a orixe do convento ao fundador da orde dos dominicanos, San Domingos de Guzmán. Como San Francisco, despois de peregrinar a Santiago por volta de 1219 marcharía á nacente urbe coruñesa.

O convento orixinal estaba extramuros até que, no século XVII, é reconstruído nunha zona próxima, a actual. A súa igrexa, que acolle a Virxe do Rosario, patroa da cidade, case nin conserva restos baixomedievais, por ter sido reconstruída por completo a finais do século XVIII, seguindo criterios barrocos.

En San Domingos apareceron lápidas con nomes de frades estranxeiros, talvez peregrinos que, por razóns descoñecidas, ficaron no convento.

No patio de armas do Museo Arqueolóxico, é exposto un relevo do século XV, tan rudo como evocador. Uns autores considéranlo procedente de San Domingos, outros relaciónano coa perda da igrexa de Santo Tomé. O Museo refire esta dupla posibilidade (ver foto páx. 60).

O relevo representa, segundo o Museo, un peregrino. Dolores Barral aposta tamén por esta iconografía, ao levar na cabeza un casquete con barboqueixo, e non o habitual chapeu de peregrino ou a aureola dos santos da Igrexa con que Santiago é representado. Apúntase isto porque se interpretou tamén como unha recreación de Santiago ataviado de peregrino, ao levar na man esquerda un libro, que sería o dos Evanxeos.

A figura mostra varios dos atributos do camiñante histórico a Santiago: bordón para se axudar no camiño, escarcela para a documentación e algún alimento básico, longa esclavina nos ombros para se protexer da auga e da humidade, e concha de vieira como emblema identificador.

No patio de armas do Museo Arqueolóxico, son exhibidas outras pezas procedentes do convento dominicano. Destacan unha Adoración dos Reis Magos, considerados os primeiros peregrinos do Cristianismo, e varias lápidas.

Próximo de San Domingos estivo o Hospital dos Anxos, para pobres e peregrinos.



Praza de San Domingos

De peregrinos a invasores/

Un despropósito. O ataque do británico Francis Drake á Coruña en maio de 1589 significou en gran medida a metamorfose da visión que a cidade tiña dos ingleses: a de peregrinos e comerciantes marítimos.


Supuxo, ademais, que emblemáticos edificios como os conventos e igrexas de San Francisco e San Domingos e o Hospital de Santo André, que tantos peregrinos británicos atenderan, ficaron destruídos polas lapas, provocadas, segundo os casos, polos atacantes ou polos propios defensores da cidade para evitar que caesen na pose do inimigo. Foi unha perda patrimonial e documental sen comparación na historia da cidade.

O ataque de Drake, consecuencia das pésimas relacións políticas e relixiosas que a finais do século XVI mantiñan Inglaterra e España, confirma a conclusión da época dourada das peregrinacións por mar.

En todo o caso, A Coruña prestou durante este ataque o último gran servizo ao mundo xacobeo compostelán. Ao resistiren o ataque de Drake, os seus habitantes evitaron que este avanzase en dirección a Santiago coas peores intencións, segundo se temía. A Coruña ficou arrasada -perdeuse no incendio dos edificios vinculados á peregrinación documentación que hoxe sería fundamental-, mais Santiago e a súa catedral se salvaron talvez dun dos seus momentos máis críticos.

Convento de San Domingos





A terceira institución relixiosa e hospitalaria cos peregrinos, moi próxima de San Domingos, foi o **CONVENTO DE SANTA BÁRBARA** 10, praza de Santa Bárbara. Fundado no século XIV, pertence ás Madres Clarisas, monxas de clausura franciscanas que destacaron polo seu labor asistencial e caritativo. Recibe o seu nome dunha capela anterior dedicada a Santa Bárbara. Merecen visita a silenciosa e acolledora praza do convento, a súa igrexa e, sobre todo, o relevo gótico que, desde 1613, se ergue sobre o arco da portada exterior do patio do convento.



Imaxes da Praza de Santa Bárbara

O orixinalísimo relevo é unha representación do Xuízo Final. Nunha das escenas, o arcanxo San Miguel pesa as almas dos xulgados. Noutra, o Apóstolo Santiago acompaña ao Máis Alén, cara ao Xuízo, a alma dun home, posibelmente un mareante local que tería sido peregrino. Esta faceta intercesora do Apóstolo, que tanto valorizaban os seus devotos camiñantes, refórzase mostrándoo coa indumentaria de peregrino.

O relevo mostra tamén San Francisco acompañando, en idéntica misión mediadora, un franciscano. O conxunto complétase no centro con Deus a soste Xesús crucificado, supremo exemplo da Salvación.

A imaxe de Santiago acompañando un ou dous peregrinos en actitude de oración foi reproducida ao longo dos séculos. Simboliza a súa suprema misión intercesora e estendeuse por Europa, sobre todo en obras labradas en acibeche. Sendo isto así, non é menos certo que a proposta iconográfica deste relevo coruñés, observada no seu conxunto, é con certeza moi orixinal e exclusiva na arte gótica galega.

O historiador e especialista xacobeo Antón Pombo propón que, como acontecía na cidade de Santiago, os peregrinos que non encontraban aloxamento en hospitais, tentarían pasar a noite ao abrigo dalgúns dos cenobios indicados. Faríano sobre todo no interior dos seus templos que, con outros como Santiago e Santa María do Campo, eran os seus principais punto de encontro. Ocorrería en momentos de masiva afluencia.

Os peregrinos con recursos, mais sen condición nobre ou relixiosa, procuraban, como en Compostela, hospedaxe en establecementos privados. Os dos barrios orixinarios da cidade,

a Cidade Vella, habitado principalmente por fidalgos, burguesía enriquecida e funcionarios, e a Peixaría, residencia de pescadores, mariñeiros, comerciantes e artesáns, ofrecían pensións e pousadas especializadas na atención a peregrinos.

Esta actividade foi máis intensa na Peixaría, que acollía unha gran poboación flutuante. Nas súas rúas, residían pousadeiros foráneos que falaban os idiomas propios dos devotos visitantes. O cronista Licenciado Molina escribe en 1550 que na Peixaría está “todo o concurso de xente natural, forasteiros e estranxeiros”, ao ser A Coruña -engade- “grande escala de navíos de todas as nacións”.

A cidade recibiu, como peregrinos, reis, nobres, cabaleiros, artesáns, dignitarios da Igrexa, monxes e sacerdotes, agricultores, aventureiros, navegantes, comerciantes, etc. Da inmensa maioría deles nada ficou. Dalgúns, sexa pola súa fama ou por nos deixar testemuño da súa pasaxe, **a súa pegada persiste**.



Relevo medieval da portada do convento de Santa Bárbara

Abaixo, detalle do relevo: Santiago a guiar a alma dun peregrino

Peregrinos na memoria/

Os máis antigos peregrinos coñecidos chegados á Coruña son os cruzados do norte de Europa que, camiño da Terra Santa, desembarcan en 1217 para visitar Santiago.

Hai moitos outros. Uns, chegados de camiño para Santiago; outros, para embarcaren cara un determinado destino despois de realizar a peregrinación. Lembramos algúns dos máis famosos.

Santa Bríxida de Suecia, patroa da Europa, 1342; o nobre escocés James Douglas co corazón do seu rei, Robert Bruce, por volta de 1329; John of Gaunt, duque de Lancaster, que, despois de invadir A Coruña cun exército que o segue en varias naves desde Plymouth, peregrina a Santiago, 1386; a mística británica Margery Kempe, 1417; o británico William Wey, autor do excepcional relato que citamos, 1456; John Goodyear, inglés que ofrenda á Catedral de Santiago un valioso retablo en alabastro de temática xacobe, hoxe conservado no seu Museo, 1456; o nobre e escritor británico John Paston, 1473; Catalina de Aragón, futura esposa do rei inglés Henrique VIII, impulsor en 1534 da reforma anglicana, que implicaría o final das peregrinacións inglesas, 1501; os reis Xoana A Louca e Filipe o Fermoso, procedentes de Holanda, 1506; Calos I, que, despois de peregrinar a Santiago, parte para Alemaña, 1520; Filipe II, sendo aínda príncipe, 1554; Xoán Xosé de Austria, político e militar e fillo bastardo de Filipe IV, 1668; a raíña española de orixe alemá Mariana de Neoburgo, a quen o mal tempo leva á ría ferrolá e que se dirixe por terra á Coruña, como era a súa intención inicial, antes de seguir a Santiago, 1690; o príncipe italiano Cosme III de Médicis, 1696; Xacobe III, pretendente á Coroa inglesa, que peregrina a Santiago desde A Coruña mentres busca apoios para facer valer o seu dereito ao trono, 1719, etc.



Na memoria permanecen tamén os nobres irlandeses chegados ao porto coruñés a comezos de 1602 coas súas familias e seguidores. Fuxían dos ingleses, que dominaban o seu país.

Era unha dupla fuxida: política, por teren loitado pola independencia da Irlanda, e relixiosa, ao seren católicos que rexeitaban o anglicanismo inglés.

Foron recibidos na Coruña con todas as honras polo Arcebispo de Santiago e co apoio do rei Filipe III. Fóronlles dispensadas as mellores atencións antes de continuaren viaxe para peregrinar á catedral compostelá.

Con posterioridade, parte dos desembarcados asentaron en diversos lugares da Península Ibérica. Resultado desta dispersión foi a fundación de 7 escolas irlandesas noutras tantas cidades, entre elas

Santiago de Compostela. Varios destes nobres **pasaron á historia irlandesa** con nome propio.



Hugh O'Donnell tamén quere ver Irlanda/

A batalla de Kinsale, a finais de 1601, significou a derrota definitiva dos nobres irlandeses que loitaban desde nove anos atrás pola independencia do seu país.

O seu líder era 'Red' Hugh O'Donnell, señor de Tyrconnell, nacido en 1572. Liderara varias rebelións dos clans contra os ingleses e encabezou tamén o inmediato exilio en dirección á Coruña, feito coñecido como "a fuxida dos condes".

O'Donnell, que viaxaba acompañado doutras familias nobiliarias -O'Neill, O'Sullivan, etc.- quixo subir á Torre de Hércules. Para ver, talvez como o seu remoto antepasado Mil, se desde alí descubría a amada Irlanda.

Despois de peregrinar a Santiago, o nobre mozo marchou á Corte española, naquel tempo en Valladolid, para se entrevistar con Filipe III. Pretendía a axuda real para regresar a Irlanda e reiniciar a loita contra os ingleses. Non o conseguiu. Morreu de camiño, cóntase que envelenado por un espía británico. A súa épica loita pasou en letras grandes á historia e á literatura irlandesas.



en camiño/

Peregrinos na rúa de Santiago

Tanto ao chegar a porto, como ao partir para a catedral compostelá, os peregrinos ían á igrexa de Santiago. Era a visita imprescindíbel, como vimos e como continúa a ocorrer hoxe, xa que nela é posto o primeiro selo da credencial do peregrino na Coruña.

Por iso este templo representou e representa o inicio simbólico do **Camiño Inglés**. Os primeiros pasos levan o peregrino á inmediata **RÚA DE SANTIAGO 11**, que debe o seu nome ao feito de bordear o referido templo e marcar o inicio da travesía da cidade cara Compostela.



O camiño do mar a Santiago/

O Camiño Inglés, denominado así por teren sido os ingleses os seus máis habituais usuarios históricos, é a única ruta xacobeas que enlaza Europa con Santiago a través do mar, completada cunha prolongación por terra. Na actualidade este trazado terrestre ten dous puntos de partida: as cidades portuarias de Ferrol e da Coruña. Desde esta última, o peregrino debe camiñar 75 km a Santiago. Os ramais ferrolán e coruñés conflúen na aldea de Bruma, a 34 km da Coruña, que conserva os restos dun histórico hospital de peregrinos. Desde aquí, restan 41 km para a meta.

O Camiño Inglés desde a ría da Coruña xorde con identidade propia no século XII, coa chegada ao porto do Burgo, hoxe pertencente ao veciño municipio de Culleredo, dos primeiros peregrinos xacobeos por mar. Nalgún caso, son cruzados do norte da Europa de camiño á Terra Santa.

O seu apoxeo chega nos séculos XIII ao XV. Neste período, as técnicas de navegación e outras vicisitudes -guerras, rutas comerciais, etc.- estimulan o desenvolvemento da peregrinación marítima. A Coruña será agora o porto de referencia, substituindo o do Burgo.

O habitual era facer a ruta terrestre A Coruña-Santiago-A Coruña en catro ou cinco días a pé e en dous ou tres a cabalo. Lukas Rem, alemán, peregrina a cabalo en dous días a comezos do século XVI. Sae de mañá da Coruña, chega ao atardecer a Santiago, visita o Apóstolo, e, ao día seguinte, regresa.

No anos oitenta do século XX, as peregrinacións por esta ruta foron recuperadas. A non concesión da Compostela até finais de 2016 motivou o seu lento desenvolvemento, a pesar de ser o seu trazado o máis seguido polos antigos visitantes xacobeos por mar. Esta situación está a mudar á medida que os peregrinos descubren, entre os seus pasos, os pasos profundos dos millares e millares de camiñantes europeos do pasado

En decembro de 2016, e baixo determinadas condicións, a Catedral de Santiago aprobou a concesión da **Compostela**, o certificado da peregrinación, partindo da Coruña. É máis un motivo para realizar o Camiño Inglés desde esta cidade.

A compostela desde A Coruña/

Cara o ano 1990 a Catedral de Santiago esixiu realizar a pé polo menos os cen quilómetros finais de calquera das rutas xacobeas que nela conflúen para obter a Compostela, o certificado da peregrinación polo Camiño.

Non obstante, atendendo á exclusividade histórica da peregrinación desde o porto da Coruña, en decembro de 2016, o Cabido da basílica santiaguesa aprobou a súa concesión desde esta urbe, a 75 km da meta. Logo dun relatorio histórico previo presentado polo Concello coruñés, a proposta foi apoiada por asociacións de amigos do Camiño de Santiago dos cinco continentes, España e Galicia, reunidas na Coruña en novembro do mesmo ano.

A condición establecida para obter a histórica certificación, sempre partindo da Coruña e chegando á Catedral de Santiago, é a realización previa do Camiño no país ou rexión de orixe do/a peregrino/a. Faise unha mención especial para os habitantes da Coruña e arrabaldes, que a recibirán visitando os espazos xacobeos da súa cidade e peregrinando a pé a Santiago.



Actual igrexa de San Xurxo



No pasado, ao abandonaren a Rúa de Santiago, os peregrinos bordeaban o barrio da Peixaría, avanzando paralelos á hoxe perdida liña de costa. Na actualidade, a ruta oficial do Camiño lévaos a entrar nalgúns das vías máis representativas da historia coruñesa. As primeiras son Os Anxos, praza de María Pita e Rego de Auga.

Na Rúa Rego de Auga, n.º 37, estivo a **LA DESAPARECIDA IGREXA MEDIEVAL DE SAN XURXO** ¹². O seu terreo é ocupado desde o século XIX polo Teatro Rosalía de Castro. Moitos peregrinos ingleses iniciaban neste templo, fundado a finais do século XIII e naqueles tempos rozando o mar, a súa ruta a Santiago. Tiñan un motivo: desde mediados do século XIV San Xurxo era patrón de Inglaterra.

A parroquia da igrexa de San Xurxo, en decadencia desde finais do século XVII, foi levada en 1837 para o antigo templo dos xesuítas, na próxima praza do Marqués de San Martiño. Os peregrinos amantes da arquitectura da cidade de Santiago deben visitar este templo, visíbel desde o ángulo máis despexado da Praza de María Pita. A súa fachada, de finais do século XVIII,

recrea o característico barroco compostelán, presente en monumentos como a fachada catedralicia do Obradoiro. O seu interior, de liñas puras, é un dos máis belos dos templos coruñeses.

Mesmo máis próxima do número 37 de Rego de Auga está a **IGREXA DE SAN NICOLÁS** ¹³, rúa de San Nicolás, nº 18. Chégase a ela indo á dereita, na dirección do peregrino e logo de cruzar perante o Teatro Rosalía de Castro, polas breves rúas de Bailén e San Nicolás. En total, uns 70 metros de percorrido. O templo actual posúe unha fachada do século XVIII, aínda que a súa orixe remonta ao XIII. San Nicolás, patrón das xentes en tránsito, compartiu con Santiago o padroado dalgúns portos europeos medievais, como Hamburgo.

Na súa concepción medieval, estes dous templos do barrio da Peixaría relacionáronse coa peregrinación. O historiador galego Alfredo Vigo afirma que, pola súa localización orixinal, moi próxima do porto, complementaban o templo de Santiago na recepción dos peregrinos recentemente desembarcados. Ademais, San Nicolás -como lembra o mesmo historiador- era "patrón de mariñeiros, comerciantes e peregrinos", e San Xurxo, "santo guerreiro de moita devoción entre soldados e cabaleiros en xeral", e, como dixemos, patrón de Inglaterra.

Desde Rego de Auga, o peregrino segue pola Rúa Real, Cantón Grande e Cantón Pequeno. Cada vez máis afastado da cidade histórica, mais nun contínuum urbano, o Camiño abandona o municipio coruñés no Portádego, topónimo cuxa orixe deriva do imposto que antigamente era cobrado no lugar.

Pouco despois do Portádego, a ruta alcanza a localidade do Burgo, no municipio de Culleredo. Esta poboación sitúase na ría do mesmo nome, na realidade unha continuación terra dentro da ría coruñesa.

Protexido polos templarios, o antigo porto do Burgo foi, durante o século XII, o principal punto de desembarque de peregrinos. Relevouno, a partir de 1208, despois da súa fundación, o porto da Coruña. A espléndida igrexa de Santiago do Burgo (s. XII) xurdiu, como a coruñesa, por esta relación coas peregrinacións.



Acima, Igrexa de San Nicolás

Abaixo, peregrinos no Burgo

a espera/



Os peregrinos volvían de Santiago á Coruña polo Camiño Inglés, como á ida. A eles uníanse quen, logo de chegaren a Santiago por terra, viaxaban ao porto coruñés para embarcar en dirección a calquera destino europeo, máis unha singularidade desta ruta.

A pesar do avance das técnicas de navegación entre os séculos XIII e XVII, período que centra a actividade da Coruña como destino de peregrinos, era imposible determinar o día de partida do porto. As condicións do mar, inescusables para unhas naves aínda fracas, e as resultantes da propia actividade portuaria, podían demorar días o embarque.

Acontécelle á maioría dos peregrinos. Citamos Jean Taccon, quen, en 1512, embarca no seu país, Flandres, para a Coruña. Na viaxe de ida, os ventos impídenlle alcanzar o porto coruñés, non pudendo desembarcar até chegar a Lisboa. Desde alí, peregrina a Santiago e continúa á Coruña para regresar ao seu país. Debe esperar nesta cidade por ventos propicios durante 8 días. Despois, en 10 días consegue estar de regreso no seu palacio.

Uns 180 anos máis tarde, a situación non variou. O príncipe Cosme III de Médicis, despois de peregrinar a Santiago por terra, chega á Coruña para embarcar para Inglaterra en marzo de 1696. Vese obrigado a permanecer na cidade 11 días debido ao mal tempo. O nobre italiano enche a espera ordenando os seus negocios, percorrendo a cidade e observando a actividade portuaria. En tanto, Pier María Baldi, o

debuxante que o acompaña tomando imaxes, aproveita para realizar unha histórica vista panorámica da cidade, a máis antiga conservada.

Nalgúns casos, chégase ao extremo de partir do porto e ter que regresar a este. Ocorrélle a William Wey en 1456. Despois de varios días de navegación, o seu barco regresa á Coruña debido ao mal tempo.

Estas case sempre forzadas estadias, sobre todo ao regreso dos peregrinos de Santiago de Compostela, animaban a cidade. Principalmente en dous ámbitos: o espiritual e o comercial. Ían de mans dadas, de forma inevitábel.



a espera:
o espírito/

Portada da Colexiata de Santa María

En materia espiritual, un destino case sempre imprescindible era o templo de Santa María. Tanto ou máis có apóstol Santiago, a gran valedora dos peregrinos en tránsito era a Virxe. Expresaban a devoción por ela tanto ao ir como ao retornar de Compostela. Por iso, moitos acudían á **COLEXIATA DE SANTA MARÍA DO CAMPO 14**, rúa de Santa María, nº 1, durante a súa permanencia na cidade.

O edificio actual é dos séculos XIII-XIV con reformas e ampliacións posteriores, a última no século XIX, que aumentou a nave cara á portada, sendo esta adiantada. Nas súas orixes, situábase nos arrabaldes da cidade.

O tímpano da portada, que recrea a escena da Epifanía -a adoración dos Reis Magos en Belén ao Meniño Xesús-, mostra dúas torres nos extremos. Dunha delas xorden as cabezas de tres cabalos. Resulta de factura máis ruda, mais a torre con cabezas reproduce case ao detalle outro procedente do perdido coro pétreo da Catedral de Santiago. Ambos representan os cabalos dos tres Magos, nunha alegoría da distancia percorrida por estes para adorar o Meniño.

Os Reis Magos, considerados os primeiros peregrinos do Cristianismo, pola súa longa viaxe desde algún lugar do Oriente até Belén, son un motivo habitual en varios presente en varios templos santiagueses, dada a relación da cidade coa peregrinación.

Vocación xacobeá tería tamén a portada sur, na Rúa de Santa María. Mostra no tímpano 5 figuras descalzas e con carapucha, portando a central un bordón en forma de tau, peza característica da iconografía medieval do Apóstolo Santiago. Por iso, de acordo con varios autores, esta figura representa o Apóstolo guiando os peregrinos; aludiría mesmo á súa predicación nas terras máis occidentais, como eran vistas as galegas na Idade Media. Para Dolores Barral, a escena tamén podería



Fachada da Colexiata de Santa María



identificarse con Santo Antón, santo dos doentes contaxiosos, perante os monxes da súa orde. Basea a proposta no antigo nome da rúa cara á cal se abre esta portada.



Portada lateral de Santa María, na rúa Santa María

Mención tamén para a chambrana sobre a cal conclúen as arquivoltas deste tímpano. Segundo a crítica, é constituída por unha ben esculpida liña de follas xiradas para o seu interior mostrando os nervios. Porén, a forma en que estes nervios se prolongan a partir dun único punto fai lembrar sobre todo as estrias das conchas de peregrino en posición cóncava.

O recargado interior de Santa María, dunha luz tenue e concentrada, de gran forza evocadora, mostra un fermoso frontal de prata repuxada do século XVIII no altar maior, presidido pola imaxe da Asunción da Virxe. Tamén ofrece detalles de cultura xacobeá: figuras de Santiago como peregrino, algún exemplo de conchas de vieira, etc.

Unha curiosidade: a leve inclinación á esquerda da base do plano da ábsida deste templo. Interpretouse como unha analoxía coa posición inclinada da cabeza do Cristo agonizante.

Santa María tivo albergue para peregrinos e pobres, a quen ofrecía comida e aloxamento. E compartiu coa igrexa de Santiago a sede dos gremios vinculados ao comercio e ás actividades marítimas, de aí que fose coñecida tamén como **Santa María do Mar**.

Unha colexiata para os estranxeiros/

En 1441, o arcebispo compostelán Lope de Mendoza elevou a igrexa de Santa María a colexiata. Xustifícaa pola afluencia a ela -escribe- de “moitos estranxeiros de diversas partes do mundo”. Pretendía, por tanto, que o novo título incrementase mesmo máis o prestixio e o colorido do templo.

Engade o prelado que “os mestres das naos, os mercadores e mariñeiros da cidade e doutras partes senten pola igrexa de Santa María tan singular devoción que, cando veñen nos seus navíos ao porto, non adoitan nin adoitan entrar en casa algunha, nin noutra igrexa nin mosteiro, até facer primeiramente oración en Santa María”.

Adivíñase nestas palabras unha rivalidade soterrada co templo de Santiago. En todo o caso, parece difícil que Santa María, na parte alta da cidade, fose máis visitada cá igrexa do Apóstolo, ao pé do porto e depositaria da estatua que abrazaban exultantes os peregrinos ao chegar. Ao mesmo tempo, é certo que as xentes do mar, da mesma forma que os peregrinos, sentían xa na Idade Media especial devoción pola Virxe, a quen consideraban guía e protectora nas longas travesías.



Cabeceira da Colexiata de Santa María



a espera:
as compras/

No relativo á actividade comercial xerada polos viaxeiros xacobeos á espera na cidade, os primeiros interesados nela eran os pousadeiros, que prolongaban a ocupación dos seus establecementos. Mais non ficaban atrás artesáns e comerciantes, e mesmo os propios peregrinos.

Unha parte significativa destes últimos, xa for en solitario ou facendo parte dun grupo, levaban produtos nos barcos, especialmente os apreciados panos ingleses e doutras procedencias, para vender na cidade. Obtiñan así un diñeiro esencial en moitos casos para a supervivencia en terra nas mellores condicións posíbeis. Como precisa Elisa Ferreira, “había que pagar comidas, aloxamentos, ofrendas, certificados de peregrinación...”.



Esta condición dos peregrinos como comerciantes ocasionais con diñeiro fomentaba tamén o lado escuro. Era frecuente que fosen asaltados e roubados, tanto no porto como nas rúas e establecementos. Nesta peculiar tarefa, participaban os delinquentes locais e nalgũa ocasión os piratas, con incursións na ría. En 1456, uns piratas bretóns roubaron todo nun barco de Dartmouth, o Juliana, que esperaba no porto o regreso dos seus peregrinos desde Santiago.

Os gremios de artesáns e mercadores realizaban con frecuencia as súas transaccións ao mesmo tempo que as viaxes das naves de peregrinos. Os artesáns, cuxa produción era destinada en



parte moi significativa aos devotos visitantes, foron, por súa vez, o grupo socioeconómico máis numeroso da cidade, seguido, por parecidas razóns, dos mareantes.

O tempo destinado polos peregrinos ás compras tiña dous obxectivos.

Un, era adquirir alimentos e outros medios para enfrontar con certas garantías a travesía marítima de volta a casa. Entre estes alimentos estarían os peixes en salgadura, especialmente o bacallau, que constituíu unha industria na cidade.

Visitaban tamén as numerosas tabernas, en que o viño, un dos produtos característicos do tráfico comercial neste porto e sempre vinculado á peregrinación, non escaseaba. Estes establecementos debían de ser tan relevantes na economía local que en 1397 é prohibida temporalmente a venda de viño no barrio da Peixaría para tentar evitar, con este revulsivo, o despoboamento da Cidade Vella.

A segunda razón era aínda máis decisiva se for posíbel, dada a transcendencia espiritual que se lle concedía no pasado. Era a adquisición na Coruña, se non o fixeran en Santiago, das **lembranzas e emblemas** propios do universo xacobeo.

Para o que resta de viaxe/

Os peregrinos históricos outorgaban un valor transcendente, case sagrado, aos símbolos da peregrinación compostelá. Comprábanos en distintos soportes, significados e formas, antes de iniciar o regreso aos seus puntos de orixe. Facíano principalmente en Santiago, mais tamén secundariamente noutros lugares significativos, como A Coruña.

Estes obxectos acompañábanos o resto das súas vidas. Certificaban a visita ao sepulcro do Apóstolo, protexían do demo, o mal de ollo e as doenzas e, ao morrer o seu propietario, mostraban a súa condición de devoto peregrino na viaxe ao Máis Alén. Por esta última razón, gran número destas pezas -non tanto as realizadas en prata e ouro, como noutros materiais- apareceron en tumbas de diversas partes da Europa.

As lembranzas eran principalmente de dous tipos: as reproducións en metal e óso da vieira e dos bordonciños, mostrados na vestimenta acompañando as auténticas conchas de vieira; e as imaxes de Santiago peregrino, as figas e os rosarios, tallados principalmente en pedra de acibeche, moi apreciada.

Os peregrinos reservaban diñeiro sobre todo para comprar estes emblemas. Non podían regresar sen eles. Ademais, como recoñece un documento coruñés do século XV, dispuñan -uns máis, outros menos- dos "seus diñeiros, ouro, prata e outras cousas". É evidente, por tanto, o valor desta actividade para a economía coruñesa.



Para facilitar as transaccións, era preciso en moitos casos o troco de moeda. Esta cuestión estaría entre os motivos que propiciaron a chegada á cidade de xudeus procedentes dos territorios de partida dos peregrinos, especialmente desde Inglaterra, a finais do século XIII. Talvez por esta orixe foron os británicos os que mantiveron unha maior relación con eles. A Rúa da Sinagoga, inmediata á colexiata de Santa María do Campo, conserva a súa memoria.

Os peregrinos actuais teñen ao seu alcance lembranzas xacobeas e outras identificadas coa Coruña e con Galicia

A Coruña dispuxo desde a súa fundación de casa de moeda propia. O seu obxectivo era facilitar e impulsar o comercio derivado das actividades portuarias e a peregrinación. A ceca coruñesa acuñaba sobre todo en cobre e en menor medida en prata e ouro. A súa última localización coñecida foi no contorno do actual convento de San Domingos. De forma significativa, a marca de fábrica das moedas coruñesas era unha vieira, mostrada desde o século XV no seu reverso.

A especialización en función da procura orixinou un sector dedicado á elaboración das lembranzas xacobeas -veneras, figuras de Santiago como peregrino, etc.- talladas en acibeche. Esta negra e brillante pedra de lignito, á cal se lle supuña unha ancestral forza protectora contra o mal, era especialmente apreciada polos peregrinos. Converteuse nun elemento singular da peregrinación xacobeas.

Esta produción coruñesa chegou a tal punto que en 1488 protestan os acibecheiros composteláns para pedir, sen éxito, o seu cese ás autoridades. Os compostelán aducen que se trata dunha concorrência desleal, perante a inferior calidade -alegan- das obras dos acibecheiros da Coruña.





Imaxes da Coruña comercial e lúdica

O acibeche coruñés procedía principalmente de Portugal, e o compostelán, de minas da actual comunidade autónoma de Asturias. Hoxe case non existen reminiscencias locais deste artesanado.

Desenvolveuse tamén un activo sector prateiro, influído pola escola compostelá, a máis relevante de Galicia. Como en Santiago, a súa produción era destinada nunha parte notábel aos peregrinos.

A documentación conservada confirma que os artesáns locais traballaban, en prata, ouro e outros metais, un variado mostrario de obxectos: conchas de peregrino e cabazas, cuncas e anais con decoración específica de vieiras, imaxes do Apóstolo Santiago, etc.



Os postos de venda concentrábanse na zona do porto e nos barrios da Cidade Vella e da Peixaría, especialmente neste último. Era costume situalos perante os templos máis concorridos, como San Xurxo, Santa María e Santiago. Mercados e establecementos comerciais estaban sometidos ao arbitrio do Concello da cidade, que contaba cunha vasta representación dos sectores socioeconómicos máis puxantes.

Wendy Childs e Elisa Ferreira conclúen que o tráfico esencial da Idade Media no porto da Coruña foi o derivado da peregrinación, e que este impulsou por súa vez o comercio da cidade. Un patrimonio do pasado que enche de sentido o presente.

Permitamos que nos emocione.





para saber máis:
os museos/

Varios museos da Coruña conteñen elementos materiais e inmateriais, referidos ao longo desta guía, que fan parte da historia e da cultura xacobeana local.

Torre de Hércules

Avenida Navarra, s/n

O vello faro romano era a primeira visión dos peregrinos que chegaban por mar. A torre e a súa contorna ofrecen as mellores panorámicas para observar a histórica entrada á baía coruñesa. O seu centro de interpretación informa sobre as antigas navegacións.




Torre de Hércules e dúas imaxes da estrutura da torre que contemplaban os antigos peregrinos



Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de Santo Antón

Paseo Alcalde Francisco Vázquez, 2



No que foi o patio de armas do antigo castelo de Santo Antón móstrase unha ampla representación de obras medievais en pedra vinculadas á peregrinación na cidade. A gran maioría procede dos que foron os conventos medievais de San Francisco e San Domingos.

Destaca o relevo dun peregrino medieval do século XV procedente das desaparecidas igrexas de San Domingos ou Santo Tomé.



Mención tamén, entre outras obras xa citadas, ás lápidas en granito de monxes do antigo convento de San Francisco con gravados de vieiras. Aludirían a peregrinos que chegaron ao convento como monxes ou, segundo Dolores Barral, talvez á arraigada visión medieval que entendía a existencia terreal como unha peregrinación cara á vida eterna.

De grande interese tamén as lápidas de confrades, mercadores e pescadores vinculados ao convento de San Francisco e a actividades relacionadas coa peregrinación, e ao tímpano da Adoración dos Reis Magos do convento de San Domingos, do século XIV. Outra obra adscrita ao mundo xacobeo coruñés é a pía bautismal do antigo hospital de Santo André, na cal se adiviña unha vieira.

Nestas fotos, relevo coa imaxe dun peregrino medieval, lápida con concha de peregrino e escudo da Coruña do século XVII. Museo Arqueolóxico de Santo Antón



Museo de Arte Sacra da Colexiata

Rúa Porta de Aires, 23



Arqueta, en primeiro plano, e custodio, doados por Mariana de Neoburgo

Acolle a colección de ourivaría da colexiata de Santa María do Campo, séculos XVI ao XX.

As súas dúas obras principais vincúlanse á peregrinación. Son a arqueta eucarística e a custodia de prata doadas á cidade da Coruña pola reina española de orixe alemá Mariana de Neoburgo. Representan o seu agradecemento pola acollida que esta urbe lle dispensou cando en 1690 chegou a ela camiño da Catedral de Santiago e da Corte, despois de contraer matrimonio co rei Calos II. As dúas pezas, de impresionante factura, son unha creación do alemán Johann Sebastian Mylius. A arqueta é de 1691 e a custodia de 1695.

Son expostas varias conchas de peregrino realizadas en prata dos séculos XIX e XX.

Casa Museo María Pita

Rúa Ferrerías, 28

Inmediata ao Museo de Arte Sacro, é a vivenda reconvertida en museo de María Pita, unha heroína coruñesa. Pita alentou os seus veciños a se enfrontaren ao ataque naval inglés comandado por Francis Drake en 1589.

Mostra a cidade no ano que simboliza o seu final como gran porto de peregrinos, ao abandonalo definitivamente os ingleses. Nos séculos XVII e XVIII continuarán a chegar viaxeiros xacobeos principalmente de Francia, Irlanda, Alemaña e Italia, mais con menor regularidade e en moito menor número.



Casa Museo María Pita

Bibliografía/

Relación das principais fontes bibliográficas consultadas polo autor para a elaboración de A Coruña, o porto do Camiño de Santiago. Guía para os peregrinos

BIBLIOGRAFÍA XACOBEEA DA CIDADE DA CORUÑA

Alfaya, E.; Villaverde Solar, M^a D. "Historia, arte y peregrinación en el itinerario irlandés a Compostela", en Cuadernos de Estudios Gallegos, tomo 56, n^o 122, 1999, pp. 235-248.

Alfeirán Rodríguez, X.; Romero Masiá, A. A Coruña dos Austrias 1516-1700, Ayuntamiento de A Coruña-Servicio Municipal de Educación, 1997.

Almazán, V. Gallaecia Scandinavica. Introducción ó estudio das relacións galaico-escandinavas durante a Idade Media, Galaxia, Vigo, 1986.

Almazán, V. "Las vías marítimas de peregrinación a Santiago de Compostela de los países escandinavos", en Actas del Congreso de Estudios Jacobeos, Xunta de Galicia, 1995, pp. 18-27.

Almazán, V. Dinamarca jacobea. Historia, arte y literatura, Xunta de Galicia, 1998.

Almazán, V. "Santa Brígida de Suecia peregrina a Santiago, Roma y Jerusalén", en Santiago, Roma, Jerusalén: Actas del III Congreso Internacional de Estudios Jacobeos, Xunta de Galicia, 1999, pp. 13-27.

Alonso Romero, F. Relaciones atlánticas prehistóricas entre Galicia y las islas Británicas y medios de navegación, Castrelos, 1976.

Alonso Romero, F. "Antecedentes, realización y finalidad de la expedición Breogán", en Gallaecia, vol. 2, 1976, pp. 173-191.

Alonso Romero, F. "Sobre los orígenes de los antiguos puertos del noroeste peninsular", en Lucerna, vol. II, 1987, pp.135-163.

Andrade Cernadas, J. M^a. "A Peregrinación a Santiago de Compostela e os seus camiños", en Galicia románica e gótica, Xunta de Galicia, 1997, pp. 54-61.

Anguita Jaén, J. M^a. "Literatura odepórica. VII. 'Itinerarium Peregrinationis' de William Wey", en Iacobus. Revista de estudios jacobeos y medievales, n^o 11-12, 2001, pp. 261-278.

Ashley, K. M. Being a Pilgrim: Art and Ritual on the Medieval Routes to Santiago, Lund Humphries, Farham, 2009.

Barral Rivadulla, D. "Arquitectura nosocomial en La Coruña gótica", en Cuadernos de Estudios Gallegos, tomo XLIII, fasc. 108, 1996, pp. 195-220.

Barral Rivadulla, D. "La imagen del Más Allá en el cambio del gótico al renacimiento: el relieve de la plaza de Santa Bárbara de A Coruña", en Humanitas: estudios en homenaxe ó profesor D. Carlos Alonso del Real, 1996, pp. 863-876.

Barral Rivadulla, D. "Santiago y la peregrinación en la escultura medieval coruñesa", en Compostellanum, vol. 41, 1996, pp. 287-301.

Barral Rivadulla, D. La Coruña en los siglos XIII al XV. Historia y configuración urbana de una villa de realengo en la Galicia medieval, Colección Galicia Histórica-Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, CSIC, 1998.

Barral Rivaduralla, D. Arte y arquitectura en el Convento de San Francisco de A Coruña, Sembra, 2007.

Barreiro Barreiro, P. "Relación de peregrinos a Santiago que recibieron asistencia en el Hospital del Buen Suceso de La Coruña desde 1696 a 1800", en Compostellanum, XI-4, 1966, pp. 561-588.

Barreiro Fernández, J. R. Historia de la ciudad de La Coruña, Biblioteca Gallega-La Voz de Galicia, 1986.

Barreiro Fernández, X. R. "Os irlandeses e a Universidade de Santiago", en Historia da Universidade de Santiago de Compostela, vol. I (Das orixes ó século XIX), Universidade de Santiago de Compostela, 1998, pp. 241-246.

Barreiro Mallón, B. Las ciudades y villas costeras del norte de Galicia en el contexto internacional del siglo XVI, Universidade da Coruña, 1999.

Bernárdez, R. Reseña histórica y descriptiva de Santa María del Campo de la ciudad de La Coruña, 1892, edición facsímil (coord., Taboada Vázquez, R.), Colegiata de La Coruña, 1997.

Childs, W. R. "English Ships and the Pilgrim Route to Santiago", en Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos. Rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998, tomo I, pp. 79-91.

Childs, W. R. "Inglaterra. Peregrinos a Santiago", en Santiago: A Esperanza, Xunta de Galicia, 1999, pp. 237-242.

Childs, W. R. "The Perils, or Otherwise of Maritime Pilgrimage to Santiago de Compostela in the Fifteenth Century", en Pilgrimage Explored (edic., Stopford, J.), The University of York, 1999, pp. 123-143.

Childs, W. R. "Irish Merchants and Seamen in Late Medieval England", en Irish Historical Studies, Antrim W. & G. Baird, 2000, pp. 22-43

Christensen, A. "Ship Types in Northern Europe a.d. 1100-1500: What kind of sea transport was available to the pilgrims?" en Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos. Rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela, 1998, tomo I, pp. 103-109.

Clark, D. "Los irlandeses y el Camino Inglés", en El libro del Camino Inglés, Deputación da Coruña, 2015, pp. 026-027.

Cordero Carrete, F. R. "Embarque de peregrinos ingleses a Compostela en los siglos XIV y XV", en Cuadernos de Estudios Gallegos, tomo 17, 1962, pp. 348-357.

Cordero Carrete, F. R.; Storrs, C. "Peregrinos ingleses a Santiago en el siglo XIV", en Cuadernos de Estudios Gallegos, tomo 20, fasc. 61, 1965, pp. 193-224.

"Delimitación do Camiño Inglés. Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés", Xunta de Galicia, Diario Oficial de Galicia, n^o 178, xoves, 18 de setembro de 2014, en <http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140918/AnuncioGO164-120914-0001-gl.html>

"Delimitación do Camiño Inglés. Documentación. A Coruña: Memoria xustificativa e serie de planos", en http://ficheiros-web.xunta.gal/patrimonio/DELIMITACION_CINGLES/15_CORUNHA.pdf e http://ficheiros-web.xunta.gal/patrimonio/DELIMITACION_CINGLES/15_CORUNHA_A3.pdf

Dyas, D. Pilgrimage in Medieval English Literature: 700-1500, D. S. Brewer, Cambridge, 2001.

Espanoles a la defensa de Irlanda, en <http://elrethohistorico.com/defensadeirlanda/>

Erias Martínez, A.; Vázquez Gómez, X. L. As laudas sepulcrais de San Francisco da Coruña, Separata do Anuario Brigantino, n^o 17, 1995.

Fernández Fernández, C. M. Antiguos hospitales de La Coruña, Biblioteca Coruñesa-Vía Láctea, 1995.

Fernández Naval, F. X. "Caminos de la tierra, caminos de la mar", en El libro del Camino Inglés, Deputación da Coruña, 2015.

Ferreira Priegue, E. Galicia en el comercio marítimo medieval, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 1988.

Ferreira Priegue, E. "La ruta ineludible, las peregrinaciones colectivas desde las islas Británicas en los siglos XIV y XV", en Actas del Congreso de Estudios Jacobeos, Xunta de Galicia, 1995, pp. 279-290.

Ferreira Priegue, E. "El Patrón Santiago. Aproximación a la Onomástica de los Buques", en Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos. Rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998, tomo II, pp. 41-54.

Ferreiro Alemparte, J. Arribadas de normandos y cruzados a las costas de la península Ibérica, Sociedad Española de Estudios Medievales, 1999.

Franco, Á. "Escultura inglesa en Galicia", en Hasta el confín del mundo. Diálogos entre Santiago y el mar, Xunta de Galicia, 2004, pp. 162-173.

Gil Merino, A. "El comercio y el puerto de la Coruña durante el siglo XVI", en Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, n^o 12, 1976, pp. 137-177.

González Garcés, M. Historia de La Coruña. Edad Media, Caixa Galicia, 1987.

González López, E. Historia del puerto de La Coruña, La Voz de Galicia, Colección Biblioteca Gallega, 1985.

González López, E. Historia de la ciudad de La Coruña: la Edad Antigua y la Media, Diputación Provincial de A Coruña, 1992.

Hall, D. J. English Medieval Pilgrimage, Routledge, Londres, 1965.

Hell, V. The Great Pilgrimage of the Middle Ages: the Road to St James of Compostela, Clarkson N. Potter, New York, 1964.

Herbers, K. "Cruzada y peregrinación. Viajes marítimos, guerra santa y devoción", en Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos. Rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998, tomo II, pp. 27-39.

Herbers, K.; Plötz, R. Caminaron a Santiago. Relatos de peregrinaciones al 'fin del mundo', Xunta de Galicia, 1999.

Iglesia González, A. de la. "Estudios arqueológicos. Santiago de La Coruña", en Galicia, revista universal de este reino, n^o 11, 1862, pp. 161-164.

Iglesia González, A. de la. Estudios arqueológicos, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Xunta de Galicia, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 2008.

Iglesias Rábade, L. "Peregrinos y romeros de la Inglaterra medieval. La romería popular", en Cuadernos del CEMYR, n^o 6, 1998, pp. 97-124.

Jacommet, H. "Santiago de Compostela y las peregrinaciones marítimas desde las costas francesas. El desarrollo de las relaciones atlánticas", en Hasta el confín del mundo. Diálogos entre Santiago y el mar, Xunta de Galicia, 2004, pp. 148-161.

Jacommet, H. "Notes sur les pèlerinages maritimes à Saint-Jacques de Compostelle (XIV-XVI siècles): Hypothèses et réalités", en rev. Compostelle. Cahiers d'Études, de Recherches et d'Histoire Compostellanes, 7, Centre d'Études Compostellanes, 2004, pp. 21-77.

Keating, E. F. Afinidades culturais entre Galicia e Irlanda, Galaxia, 1990.

Krötzl, C. “Pilgrims to Santiago and their routes in Scandinavia”, en The Santiago de Compostela Routes: Architectural Heritage Reports and Studies, Council of Europe, Strasburg, nº 16, 1989, pp. 64-69.

Lomax, D. W. “Algunos peregrinos ingleses a Santiago en la Edad Media”, en Fundación Príncipe de Viana, nº 31, 1970, pp. 159-169.

Lomax, D. W. “Peregrinos ingleses a Santiago en la Edad Media”, en Las peregrinaciones a Santiago de Compostela y San Salvador de Oviedo en la Edad Media, 1993, pp. 73-86.

López Alsina, F. “Los espacios de devoción: peregrinos y romerías en el antiguo reino de Galicia”, en Viajeros, peregrinos, mercaderes en el occidente medieval. XVIII semana de estudios medievales, Gobierno de Navarra, 1991, pp. 173-192.

López Gómez, F. S. “El mar... y el Camino Inglés”, en El libro del Camino Inglés, Deputación da Coruña, 2015, pp. 150-153.

MacKay, A. “Una peregrina inglesa: Margery Kempe”, en Viajeros, peregrinos, mercaderes en el occidente medieval. XVIII Semana de estudios medievales, Gobierno de Navarra, 1991, pp. 193-200.

Marcos Pérez, P. J. “The Pylgrims Sea-Voyage and Sea-Sickness, poema medieval dedicado a los peregrinos ingleses con rumbo a Compostela. Comentario y traducción al español”, EPOS: Revista de Filología, nº XVIII, 2002, pp. 343-367.

Martínez Barbeito, C. El escudo de La Coruña, Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, 1985.

Martínez Rodríguez, A. L. “La peregrinación marítima a la Compostela medieval. El Camino de Santiago desde Irlanda”, en <http://www.temporamagazine.com/peregrinar-desde-irlanda-la-compostela-medieval-el-camino-de-santiago-por-via-maritima/>

McEntire, S. J. Margery Kempe: a Book of Essays, Garland, Londres, 1992.

Miraz Seco, Mª V. “Peregrinas inglesas na ruta marítima xacobeas medieval”, en Cadernos do Ateneo Eumés, nº 7, 2009, pp. 39-54.

Miraz Seco, Mª V. “Margary Kempe, una peregrina inglesa en la Compostela medieval”, en Mujeres y peregrinación en la Galicia medieval, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento-CSIC, 2010, pp. 205-227.

Miraz Seco, Mª V. La peregrinación marítima. El Camino Inglés desde la ría de Ferrol en la Baja Edad Media, tese de doutoramento (direc., Romero Portilla, P.), Universidade da Coruña, Departamento de Historia Medieval, Facultade de Humanidades, 2013. En ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/11563/MirazSeco_Violeta_TD_2013.pdf?

Moreta, S. El libro de Margery Kempe, Universidad de Valencia, 2012.

Morinis, A. Sacred Journeys: the Anthropology of Pilgrimage, Greenwood Press, Westport e Londres, 1992.

Neira Cruz, X. A. A cidade da Coruña que visitou Cosme III de Médicis, Fundación Caixa Galicia, 2006.

Nogueira, P. “Vers Compostelle: le Chemin de La Corogne”, en Le Chemin, la Route, la Voie. Figures de l’imaginaire occidental à l’époque moderne, PUPS, París, 2005, pp. 262-271.

Ó Riain-Raedel, D. O. “The Irish Medieval Pilgrimage to Santiago de Compostela”, History Ireland, nº 3, vol. 6, 1998, pp. 17-21.

Ortega Villoslada, A. “Viajes a Flandes e Inglaterra éCabotaje o recta vía?”, Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval, UNED, tomo 16, 2003, pp. 229-250.

Padín, Á. Reedificación del Templo de San Andrés y del Gremio de Mareantes de La Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza-Museo de Pontevedra, 1992.

Padín Panizo, Á. “El Camino Inglés desde el puerto de Faro o de La Coruña”, en Aulas del Camino, 1997, pp. 251-261.

Padín Panizo, Á. La Coruña: sus barrios y sus calles, Biblioteca Coruñesa, Vía Láctea, 1997.

Padín, Á. Crunia. Porto de peregrinacións, Xunta de Galicia, 1999.

Parrilla, J. A. Historia del puerto de La Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1996.

Pereira Martínez, X. C. “Burgo de Faro, os templarios e o Camiño de Santiago (I)”, en Compostellanum, vol. 38, nº 3-4, 1993, pp. 467-503.

Pérez Grueiro, M. (e outros). Camino de Santiago en Galicia. El camino Inglés, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 1999.

Péricard-Méa, D. “D’eau et de marchandise: marchands et pèlerins de Saint Jacques en France à la fin du Moyen Age”, en Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos. Rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998, tomo II, pp. 169-181.

Plötz, R. “Homo viator”, en Compostellanum, vol. 36, nº 3-4, 1992, pp. 265-281.

Plötz, R. “Peregrinando por mar: relatos de peregrinos”, en Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos. Rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998, tomo II, pp. 55-81.

Pombo Rodríguez, A. A. “Hospitals de Peregrinos na Cidade da Coruña e no Camiño de Faro”, en Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos. Rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998, tomo II, pp. 271-310.

Quaife, P. “Saint James in English Literature”, en Atti del convegno Internazionale di Studi, Centro italiano di studi Compostellani, Perugia, 1985, pp. 429-445.

Rey Escariz, A. A. Historia y descripción de la ciudad de La Coruña de Antonio Rey Escariz (transcripción e estudio, Santiago Daviña Sainz), Archivo Municipal de La Coruña, 1996.

Rey Escariz, A. A. “El convento antiguo de Santo Domingo de La Coruña”, en Boletín de la Real Academia Gallega, nº 18, pp. 128-132.

Rey Escariz, A. A. “Hospitales de la gente de Mar en La Coruña”, en Boletín de la Real Academia Gallega, nº 20, pp. 170-174.

Rodríguez, M. F. “A Coruña, corazón del Camino Inglés”, en A Coruña 800 años en primera plana, Asociación de la Prensa de A Coruña, 2009, pp. 19-23.

Rodríguez, M. F. “El puerto de los peregrinos”, en El Correo Gallego, 2domingo, 10 outubro 2010, p. 9.

Rodríguez, M. F. “Coruña, A”, en Gran Enciclopedia del Camino de Santiago. Diccionario de la cultura jacobea (direc., Rodríguez, M. F.), Bolanda, 2010, tomo 5, pp. 197-208.

Rucquoi, A. “Itinerarios y peregrinaciones marítimas (y aéreas)”, en Topografías culturales del Camino de Santiago. Kulturelle Topographien des Jakobsweges (edic., Gómez Montero, J.), Peter Lang, 2016, pp. 187-204.

Ruiz de la Peña Solar, J. I. “La apertura de la fachada costera cantábrica a las rutas de la navegación atlántica (siglos XII-XIII)”, en Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos. Rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998, tomo I, pp. 19-31.

Sánchez Chouza, J. M. A Coruña en la Baja Edad Media, Edicións do Castro, 2005.

Santos Fernández, C. “El bordón y la pluma, el Camino de Santiago descrito por peregrinos de los siglos XV al XVIII”, en Compostellanum, vol. 59, nº 3-4, 2014, pp. 427-458.

Serrano Reyes, J. L. “John of Gaunts Intervention in Spain: Possible Repercussions for Chaucer’s Life and Povertry”, en SELIM, 6, 1996, pp. 117-145.

Singul, F. “Peregrinos ingleses a Santiago. La ruta marítima”, en Hasta el confin del mundo. Diálogos entre Santiago y el mar, Xunta de Galicia, 2004, pp. 142-147.

Singul Lorenzo, F. “O camiño de Santiago no século XV: rutas terrestres e peregrinacións marítimas”, en Os capítulos da Irmandade. Peregrinación e conflito social na Galicia do século XV, Xunta de Galicia, 2006, pp. 468-483.

Stalley, R. “Pelerinage Maritime a Saint-Jacques”, en Santiago de Compostela: 1000 ans de pelegrinage européen, Belgique, 1985, pp.123-128.

Stalley, R. “Maritime Pilgrim from Ireland and its artistic repercussions”, en Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos. Rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998, tomo I, pp. 255-276.

Starkie, W. “Santiago, Inglaterra e Irlanda”, en Santiago en la historia, la literatura y el arte, Editora Nacional, Madrid, 1954, pp. 91-111.

Stokstad, M. “The Sanctuary of Saint James at the End of the 15th Century”, en Compostellanum, vol. 22, nº 1-2, 1987, pp. 527-531.

Stone, J. S. The cult of Santiago: traditions, myths, and pilgrimages, Longmans, Green and Co., Londres, 1927.

Storrs, C. M. Jacobean Pilgrims from England to St. James of Compostela. From the early twelfth to the late fifteenth century, Xunta de Galicia, 1994, e Confraternity of Saint James, 1998.

Strassburg, G. von. Tristán e Isolda (edic., Millet, V), Siruela, 2016.

Suárez Otero, J. “Arqueología y peregrinación: la moneda en la peregrinación marítima a Santiago”, en II Congreso Internacional de estudios jacobeos. Rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, tomo II, 1998, pp. 197-218.

Tate, R. B. Pilgrimages to St. James of Compostella from the British Isles during the Middle Ages, Liverpool University Press, 1990.

Tate, B. “Las peregrinaciones marítimas medievales desde las Islas Británicas a Compostela”, en Santiago, camino de

Europa. Culto y cultura en la peregrinación a Compostela, Xunta de Galicia, 1993, pp. 161-179.

Tate, R. B. “A vía marítima dende as Illas Británicas a Compostela durante a Idade Media”, Actas del Congreso de Estudios Jacobeos, 1995, pp. 679-684.

Tate, R. B.; Turville-Petre, T. Two pilgrim itineraries of the later middle ages, Xunta de Galicia, 1995.

Torre de Hércules, en <http://www.torredeherculesacoruna.com/index.php?l=es>

Ure, J. Pilgrimage: the Great Adventure of the Middle Ages, Constable, Londres, 2006.

Urgorri, F.; Femiella, L. El antiguo camino real de La Coruña a Santiago. El camino de Faro o camino francés de Poulo, Fundación Caixa Galicia, 1992.

Varios autores. A Coruña 1208-2008. A construción dunha cidade. La construcción de una ciudad (coord., Barral Rivadulla, D.), Concello da Coruña, Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 2008.

Varios autores. Aulas no Camiño. O Camiño inglés e as rutas atlánticas de peregrinación a Compostela (dir., Leira López, J.), , Universidade da Coruña, 1997.

Varios autores. Art and Architecture of Late Medieval Pilgrimage in Northern Europe and the British Isles (edic., Blick, S.; Tekipre, R.), Brill, Leiden, 2005.

Varios autores. El libro del Camino Inglés, Deputación da Coruña, 2015.

Varios autores. La Real Colegiata de Santa María del Campo de La Coruña, Diputación Provincial de A Coruña, 1989.

Vedia y Goosens, H. de. Historia y descripción de La Coruña, Instituto de Estudios Coruñeses, 1975.

Velo Pensado, I. La Coruña en el Camino de los peregrinos a Santiago, Archivo de la Colegiata, A Coruña, 1995.

Velo Pensado, I. “El gremio de plateros de La Coruña en el siglo XVI”, en Oro, plata y piedra para la escena sagrada en Galicia. Curso de orfebrería y arquitectura religiosa, Asociación de Amigos de la Colegiata y Museo de Arte Sacro de La Coruña, 1995, pp. 177-200.

Verberckmoes, J., Neyts, C., Bousard, T. Irish Pilgrims on the Camino de Santiago: 800 years, Astrolabe Press, 2016.

Viaxe da raíña dona Mariana de Neoburgo por Galicia, edición facsimilar, 1690 (introducción e documentación, Escrigas, G.), Bibliofilia de Galicia-Xunta de Galicia, 1998.

Vigo Trasancos, A. “A Coruña. Historia e imagen de un puerto atlántico (s. I-1936)”, en Patrimonio cultural vinculado con el agua. Paisaje, urbanismo, arte, ingeniería y turismo / Cultural heritage linked to water. Landscape, urbanism, art, engineering and tourism, Editora Regional de Extremadura, pp. 381-394.

Webb, D. Pilgrims and Pilgrimage in the Medieval West, I. B. Tauris Publisher, Londres, 1999.

Wey, W. Ver Anguita Jaén, J. Mª.

Yeoman, P. Pilgrimage in Medieval Scotland, Historic Scotland, Batsford, 1999.



Esta publicación non sería posíbel sen o traballo previo, ao longo dos séculos XIX, XX e XXI, de diversos historiadores coruñeses, españois e doutros países -británicos, irlandeses, alemáns, franceses, holandeses, etc.-. A todos/as eles/as, grazas.

Outros agradecementos: a Manu Sánchez, técnico da Torre de Hércules; a Carlos Santos, por me descubrir o carácter xacobeo do cruceiro de Santo André cando o autor deste texto nin imaxinaba que escribiría esta guía; a Laura Gómez, da Afundación Santiago de Compostela, pola súa amabilidade; e tamén pola súa amabilidade, a Andrés García, párroco da igrexa de Santiago, e a Moncho, sancristán da mesma, así como ao persoal dos museos Arqueolóxico -especialmente a Ana Martínez-, Arte Sacra e Casa Museo María Pita.

Textos/
Manuel F. Rodríguez

Traducións/
Mário Herrero

Foto principal da portada/
Igrexa de Santiago. Gabriel Tizón.

Ilustracións da Torre de Hércules
(páx. 59) tomadas do libro/
Historia de la Torre de Hércules,
Por D. Joseph Cornide.

Fotografías/
Gabriel Tizón,
Lucas Vallecillos, Rafael López-Monné, Alfons
Rodríguez, Óscar Domínguez, Álvaro Arribi,
Xulio Rey, Gonzalo Azumendi e Consorcio de
Turismo de A Coruña

As fotografías non identificadas de peregrinos
desta guía pertencen a persoas que están
a realizar o camiño inglés entre A Coruña e
Santiago de Compostela.

Deseño e Maquetación/
Sistema Diseño


Depósito Legal/
C 621-2017

ISBN/
978-84-697-2748-5

Para selar a credencial de peregrino na Coruña:

- 1_ Oficina de Turismo municipal localizada na Praza de María Pita
- 2_ Oficina de Turismo municipal localizada na Torre de Hércules
- 3_ Diante da Igrexa de Santiago, na Travesía Tabernas






Turismo da Coruña/

Edificio Sol
Calle Sol, s/n. 15003 A Coruña
Galicia - España
Tel.: +34 981 184 344
Fax: +34 981 184 345
infoturismo@coruna.es

www.turismocoruna.com

ISBN: 978-84-697-2748-5



9 788469 727485